

EMPRESA

A construción ponse ao día en prevención de riscos laborais P9

COMARCA

O concello de Santiso deixa de percibir fondos do Estado P19

CULTURA

Os Melidaos celebran aniversario cun gran éxito no Rosalía P22

ENTREVISTA



Cristina Mosquera, Pulpería Mosquera

“Os peregrinos saben que en Melide se come bo pulpo” P31

Bota a andar “Melide Moda”, a pasarela local de tendencias

“O próximo 5 de novembro Melide convertirase na capital comarcal da moda. Celébrase a primeira edición dunha pasarela que amosará as últimas tendencias en roupa, calzado, complementos, fogar, peiteados e mascotas. Melide Moda contará coa participación de 30 establecementos comerciais da vila e convocará no Pazo de Exposicións e Congresos a preto de 1.500 persoas. O evento completarase coa actuación musical de Cardigan Bridge. P3



Setas e castañas, protagonistas do II concurso Outono de Tapas




En novembro volve a ruta das setas e das castañas aos establecementos hostaleiros de Melide. Os clientes elixirán entre 19 propostas a mellor tapa do outono. P4

O lume pon en perigo o novo cemiterio e naves da Madanela



Os veciños e as empresas do polígono colaboraron na extinción do incendio, que se orixinou no Lugar do Meire e queimou 40 hectáreas de monte. P10



JAVIER LÓPEZ LÓPEZ
ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA

- MEDICIÓN DE TERRENOS
- INFORMES PERICIALES
- PROYECTOS AGRÍCOLAS
- PARTICIÓN DE HERENCIAS (partixas)
- VALORACIONES - CATASTRO
- CONCENTRACIÓN PARCELARIA
- CONCESIÓN DE AGUAS (pozos, traídas vecinales, etc)

Tfno. /Fax: 981 50 54 82 - Móvil: 639 82 00 24 - E-mail: lngl@telefonos.es
Rúa Xosé Ramón Fernández Castro, 14 - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

O escándalo NCG

O Parlamento de Galicia acaba de pechar un acordo para esixir a devolución das indemnizacións millonarias de Novacaixagalicia (NCG) aos seus directivos. Fai agora propósito de enmenda e acorda tamén pedir que a dirección de Novagalicia Banco, en favor dunha maior transparencia cos seus accionistas, publique as súas remuneracións. Comeza a impoñerse o sentido común ao final deste proceso escandaloso malia que o mesmo parlamento non foi quen de impulsar a creación dunha comisión de investigación que permitise aclarar todo o sucedido.

O sistema financeiro galego confirmou a súa caída ao abismo do desprestixio o día que saltaron ás páxinas dos xornais as cifras astronómicas que a antiga e fugaz Novacaixagalicia (NCG), agora reconvertida en banco, pagou pola saída dalgúns dos seus executivos.

Titulares que falaban de máis de 20 millóns de euros provocaron unha lóxica indignación entre a cidadanía que ninguén sabía contra quen dirixir nin como materializar. Non se podía entender, e aínda non se entende a día de hoxe, o pago desas indemnizacións por parte dunha entidade que tivo que ser nacionalizada e que recibiu 2.465 millóns de euros en capital público, ao que hai que sumar outros 1.162 millóns (unha axuda en forma de crédito) tamén da Administración Central.

A sociedade séntese estafada



por unha manobra propia de prestidixitador de banco que non ten máis calificativo que o de escandalosa. Detrás dese escándalo manifesto hai nomes con apelidos millonarios: José Luis Pego, Javier García de Paredes, Óscar Rodríguez Estrada e Gregorio Gorriarán. Sen esquecer o nome de José Luis Méndez, que cobrou de Caixa Galicia a contía máis alta das coñecidas que recibiu un alto cargo de caixas en España; 16,5 millóns de euros.

Son os nomes gravados en ouro de persoas ás que deberían de ter botado pola súa mala xestión, ás que lles habería que ter pedido responsabilidades moito antes e, incluso, ás que habería que ter xulgado para que devolvesen o último euro que gastaron indebidamente. Lonxe diso, o que sucede é que foron premiados cunha choiva de millóns.

Mais este escándalo manifesto que o é por sí propio, ten incontables agravantes. Habería que saber en que pensaban os membros do consello de administración de NCG cando votaban sen saber o que votaban, cando aprobaban sen saber que aprobaban, ou iso din, tales indemnizacións. Habería que saber a quen lle correspondía a función de vixía que Banco de España e gobernos central e autonómico non quixeron facer. Non menos grave é que todo este estrago de cartos se produza cando os bancos, precisamente, están pechando o grifo do crédito ás empresas e aos autónomos, motor da economía, e deixando tiradas na rúa a familias que non poden pagar unhas hipotecas que no seu día lles foron concedidas alegremente. O escándalo, ademais de manifesto, é inxusto.

Tribuna de opinión

Ensino público

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



O curso escolar comezou en Melide, ao igual que en todo o territorio galego, con mobilizacións en defensa da escola pública e contra os recortes anunciados en materia educativa. Mestres, alumnado, pais e nais saíron á rúa para esixir unha aposta firme por un ensino gratuito e de calidade.

A sociedade está disposta a facer esforzos e apretar o cinto para superar os tempos de fonda crise que atravesamos pero non comprende nin debería tolerar que onde primeiro se meta a tesoiro sexa en piares básicos do benestar como a educación. Non foron os traballadores nin os parados, nin os profesores nin os seus alumnos, nin os pensionistas nin os nosos fillos os que fundiron a economía. Porén, son os primeiros en notar e pagar as súas consecuencias.

Os cartos destinados á educa-

ción pública non deben verse como un gasto, senón como unha inversión de futuro. Recortar, polo tanto, non é neste caso un sinónimo de aforrar. É máis ben sinónimo de mermar a calidade do ensino, da formación e, en definitiva, do porvir dos nosos fillos. Nos colexios a redución no número de profesores xa é un feito que obriga a que algunhas asignaturas sexan impartidas por mestres que non dominan a materia. É a evidencia de que con menos non se pode facer máis.

A educación non é un privilexio, é un dereito, e recortar na ensinanza pública supón tamén recortar a igualdade de oportunidades para todos. Dende Asetem-Cca apoiamos á comunidade educativa de Melide nas súas reivindicacións. Non se pode saír da crise renunciando ao que tanto costou construír.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

DIRECCIÓN E REDACCIÓN: Tamara Navaza, Juan D. Díaz, Iván Gómez

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 2, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 E-mail: info@asetem.com

COLABORACIÓN: Santiago Prado Conde, Xosé Núñez López, Asociación de Troiteiros 'Río Furelos' de Melide, Rafael Rodríguez Gaioso

AGRADECIMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Imprenta Meligraf

IMPRESIÓN: Norprensa S.A.

DEPÓSITO LEGAL: LU-456-05

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	10
-COMARCA.....	19
-CULTURA E LECER.....	22
-COLABORACIÓN.....	29
-ENTREVISTA.....	31

Chega “Melide Moda”, a primeira pasarela con roupa, zapatos e complementos de tendas da vila

Máis de 1.500 persoas asistirán ao evento que organiza Asetem e no que estarán 30 comercios da localidade

O Concello de Melide acollerá o próximo sábado 5 de novembro a primeira pasarela local de moda. O evento, organizado por Asetem en colaboración co Concello de Melide, a Consellería de Industria e a Dirección Xeral de Comercio, celebrarase no Pazo de Exposicións e Congresos a partir das 8 da tarde. Nesta primeira edición de “Moda Melide” participarán 30 establecementos da localidade.

A programación inclúe varios desfiles de roupa, zapatos e complementos das tendas de Melide. Haberá propostas para todos os gustos, dende as máis clásicas e tradicionais ata as máis innovadoras, sen esquecer a moda para mascotas e o desfile de cans. Todos os deseños serán lucidos por modelos profesionais ás que peitearán perruquerías da vila. Tamén haberá espazo para a roupa de fogar e para a decoración. En ámbolos dous casos a posta en escena será peculiar e caracteriza-



Cartel promocional da Pasarela Moda Melide

rase pola orixinalidade. A decoración do recinto correrá a cargo das floristerías participantes.

Sobre a pasarela tamén desfilarán, non obstante, caras coñecidas. Serán as dos nenos e nenas de Melide elixidos no trancurso dun casting celebrado no Edificio Multiusos para amosar a roupa infantil.

A Primeira Pasarela de

Moda de Melide contará ademais coa actuación de Cardigan Bridge, cantautora residente en Melide que interpretará temas do seu primeiro disco “On the windowsill”. O evento, ao que asistirán máis de 1.500 persoas, estará conducido por Paco Nieto, profesional do mundo da radio, e Sonia López, presentadora da Televisión de Galicia.

Cardigan Bridge, voz da moda galega

A súa é unha voz sen artificios, limpa, que fai sentir. É unha voz que expresa unha relación fonda coas artes escénicas. A voz de Cardigan Bridge, alter ego de Rebeca Ponte, cantautora veciña de Melide que vén de publicar o seu álbum debut, “On the windowsill”.

Coñece as ovacións nos teatros de Nova York, cidade na que está de xira, e mestura con éxito os sons e a imaxe, a música e a moda. Madriña musical do “Fitting Room Madrid 2011” e da “Barcelona Fashion o80”, Cardigan Bridge fai agora un alto no seu camiño para bautizar con



Cardigan Bridge

notas unha pasarela que acaba de nacer. A súa voz espida arroupará Melide.

Asetem confía en que o evento sirva de revulsivo en tempos de crise



A directiva de Asetem atende á presentación da do proxecto

Na súa intención de dinamizar o tecido empresarial de Melide, Asetem organiza esta pasarela de moda que

pretende ser tamén un revulsivo e unha mensaxe de optimismo para empresarios e consumidores.

Unha pasarela ca oferta máis completa para estar á última este inverno

Roupa



Calzado



Complementos



Perruquería



Moda canina



Asetem organiza o II “Outono de Tapas” con 19 establecementos participantes

Os veciños terán que elixir a mellor tapa feita con setas e castañas

Sortearase entre os votantes unha fin de semana nun balneario

A chegada do outono supón a recuperación de certas tradicións culinarias que son destrerradas durante o resto do ano. En Melide unha desas tradicións comeza a ser a coñecida como “Ruta das setas e das castañas”, un camiño polas exquisiteces dos bares e restaurantes da localidade.

Despois do éxito acadado na edición do ano anterior, a Asociación de empresarios



A primeira edición, o ano pasado, acadou un éxito notable (imaxe de arquivo)

Terra de Melide - Centro Comercial Aberto (Asetem-Cca) organiza a segunda edición do “Outono de Tapas”, que se celebrará as dúas primeiras fins de semana de novembro.

Nesta iniciativa participarán 19 establecementos do casco urbano que tratarán de convencer aos melidenses de

que fan as mellores tapas a base de cogomelos e castañas. O concurso desenvolverase os días 4, 5, 6 e 11, 12 e 13 de novembro. Durante ese tempo todo aquel que se achegue aos locais participantes poderá degustar de forma gratuita a tapa feita por cada un deles. Os horarios para a degusta-

ción serán os seguintes: os venres de 20:00 a 22:30; os sábados de 13:00 a 15:00 e de 20:00 a 22:30, os domingos de 13:00 a 15:00.

Sistema de votación

Os clientes atoparán en todos os bares e restaurantes un tríptico coa información e a

fotografía das tapas en concurso. En cada establecemento seralles entregada unha papeleta na que poderán votar, nunha escala do 1 ao 5, a tapa que acaban de consumir. Haberá dúas categorías de votación: a mellor tapa e a tapa innovadora. Cada local terá unha urna, na que se introducirán os votos, e todas elas serán abertas cando remate o concurso. No recuento de votos sacaranse só 100 papeletas de cada establecemento. Deste xeito gárantese que gane o que posúe maior número de puntuacións altas nese rango de 100 votos e non o que ten máis clientes.

Os veciños que participen na Ruta das Setas e das Castañas e emitan o seu voto deberán poñer no reverso do mesmo o nome e o número de teléfono. Deste xeito entrarán no sorteo dunha fin de semana ao Hotel Balneario Río Pambre, en Palas de Rei.

II OUTONO DE TAPAS



Pulpería Mosquera
Tarta de crocas



Pensión Xaneiro
Vol au vent de bosque e mar



Adega O Lar
Arroz con polo e champiñóns



A Boa Viña
Revolto de setas e champiñóns



Restaurante Alongos
Carrillera de becerro ao mencia con setas e castañas



Cafetería Stop
Caldo de verduras e castañas



Cervexería Godiva
Fideuá con polo e setas



Cervexería A Fundación
Revolto de arroz con setas e castañas



Cafetería Cire
Setas con gambas e polbo



Cervecería Pinocho
Empanadiñas de setas




Bar Principal
Canelóns de setas e castañas



Cervexería O Sapo Lambón
Bolas de outono



A Taberna de Oleiros
Revolto de grelos e setas



Restaurant Continente
Esencia de outono en nórdico de castañas



Pousada Chiquitín
Setas e castañas con arroz



Casa Quinzán
Kisch de setas e xamón



A taberna de Morrigan
Champiñóns ao Morrigan



Adega O Mandil
Setas ao Mandil



Café Bar Cantón
Champiñóns vexetais

RUTA DAS SETAS E DAS CASTAÑAS



OUTONO DE TAPAS ESTABLECEMENTOS COLABORADORES





...a peza que precisa a súa empresa

**laboral
contable
fiscal
sucesións
tráfico
seguros**

Solicite presupuesto sen compromiso!!

R/ Florentino L. Cuevillas, 2 Baixo
15800 MELIDE A Coruña info@ccxestion.com
Tf: 881 973307 Fax: 881 975314 www.ccxestion.com

Axudas e subvencións

1. SUBVENCIONES A PROXECTOS DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2011 (DOG nº 176, do 14 de Setembro de 2011)

Actuacións subvencionables:

1.- Sector Industria (auditorías e proxectos de aforro e eficiencia enerxética)

2.- Sector do transporte (estudos integrais e viabilidade de mobilidade urbana sustentable, plans de transporte e xestión de frota de transporte por estrada)

3.- Sector da edificación (rehabilitación da envolvente térmica dos edificios, mellora da eficiencia enerxética de instalacións térmicas, construción de novos edificios con alta cualificación enerxética, auditoría enerxética nos edificios residenciais e de servizos)

4.- Sector servizos públicos (renovación da iluminación exterior, auditorías enerxéticas e proxectos integrais da iluminación pública)

5.- Sector de transformación da enerxía (auditorías enerxéticas e estudos de viabilidade en coxeracións)

6.- Sector da agricultura e a pesca (auditorías enerxéticas e proxectos de aforro e eficiencia enerxética, proxectos de mellora e auditorías)

Beneficiarios: Empresas, Autónomos, Administracións Públicas, Entidades sen ánimo de lucro e Particulares.

Prazo: Ata o 14 de Novembro de 2011

2. SUBVENCIONES PLAN RENOVE DE ELECTRODOMÉSTICOS (DOG nº 182, do 22 de Setembro de 2011)

Beneficiarios: persoas físicas ou xurídicas de Galicia que adquiran un equipamento dos subvencionados. Para ser beneficiario terá que tramitar a súa solicitude a través das entidades colaboradoras.

Contía: dende 50€ ata 125€ dependendo do electrodoméstico que se compre e sen superar o 25% do coste do produto.

Prazo: 31 de decembro de 2011 ou esgotamento de crédito.

3. SUBVENCIONES PLAN RENOVE DE EQUIPOS DE ILUMINACIÓN INTERIOR

(DOG nº 182, do 22 de Setembro de 2011)

Ampliación de prazo ata o 22 de Outubro de 2011

4. REDUCCIÓN DO TIPO DE IVE PARA A COMPRA DE VIVENDA

Ata o 31 de Decembro de 2011, aplicase o tipo reducido do 4% do Imposto sobre o Valor Engadido, ás entregas de edificios ou partes dos mesmos aptos para a súa utilización como vivendas, incluídas as prazas de garaxe, cun máximo de 2 unidades, e anexos situados neles e que se transmitan conxuntamente.

Fiscal e laboral

ORDE DO 6 DE OUTUBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN OS DOMINGOS E FESTIVOS COMERCIAIS EN QUE SE AUTORIZA A APERTURA DE ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS DURANTE O ANO 2012 (DOG nº 197, do 14 de outubro de 2011)

Os domingos e festivos en que os establecementos comerciais poderán permanecer abertos ao público cun horario máximo de 12 horas diarias durante o ano 2012 son:

8 de xaneiro, 5 de abril, 1 de xullo, 2 de decembro, 8 de decembro, 16 de decembro, 23 de decembro, 30 de decembro.

NOTAS SOBRE A PRÓXIMA INTEGRACIÓN DO RÉXIME ESPECIAL AGRARIO NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL.

Con efectos do 01/01/2012, quedan integrados no Réxime Xeral da Seguridade Social os traballadores por conta allea que figuren incluídos no Réxime Especial Agrario da Seguridade Social, así como os empresarios ós que presten servizos.

CALENDARIO LABORAL PARA O ANO 2012. (BOP A CORUÑA, nº 200, do 20 de outubro de 2011)

Decláranse inhábiles a efectos laborais, retribuídos e non recuperables, os seguintes días festivos:

6 de Xaneiro, Día de Reis
5 Abril, Xoves Santo
6 de Abril, Venres Santo
1 de Maio, Festa do Traballo
17 de Maio, Día das Letras Galegas
25 de Xullo, Día Nacional de Galicia
15 de Agosto, A Asunción
12 de Outubro, Día da Hispanidade
1 de Novembro, Todos os Santos
6 de Decembro, Día da Constitución
8 de Decembro, A Inmaculada
25 de Decembro, Nadal

E, no ámbito dos respectivos concellos da comarca Terra de Melide, son inhábiles para o traballo, retribuídos e non recuperables, as seguintes festas locais:

MELIDE:

29 de Xuño, San Pedro
16 de Xullo, Virxe do Carme

SANTISO:

13 de Xuño, San Antón
14 de Setembro, Santa Cruz

TOQUES:

15 de Maio, San Isidro
3 de Setembro, San Antolín

SOBRADO:

28 de Maio, Luns de Pías
29 de Xuño, San Pedro

As empresas demandan equipos de aforro enerxético

Permiten reducir o consumo de electricidade entre un 10% e un 25%

Os negocios só utilizan de xeito eficaz o 77% da enerxía que pagan

En tempos de crise económica son cada vez máis os empresarios da comarca que están apostando por instalar nos seus locais ou centros de produción dispositivos para aforrar na factura da luz.

Trátase de sistemas eléctricos que recollen a enerxía que se perde cando se botan a andar os motores de calquera aparello. Esa enerxía é gardada e empregada en ocasións posteriores, evitando así o desperdicio de electricidade. Deste xeito o consumo redú-

cese, como mínimo, un 10%. No caso de instalacións antigas pode acadar ata un 25%. “Ao arrancar, todos os equipos que hai nunha casa ou empresa, dende un conxelador ata unha prancha, tiran por unha cantidade de corrente que logo non van consumir”, explica Raúl Couso, instalador de aparellos de aforro enerxético, “entón esa corrente acaba por desperdiciarse. O que fan este tipo de equipos é gardala e cando outro aparato a necesita para arrancar, súltana”.

Expertos do sector enerxético estiman que os negocios só utilizan eficazmente o 77% da electricidade que pasa polo seu contador. O 23% restante pérdese pero as compañías eléctricas cóbrana igualmente. É o que se coñece como enerxía reactiva. A maioría dos consumidores descoñecen canto aporta este tipo de enerxía ao que teñen que pagar mensualmente pola luz xa que as compañías eléctricas non están obrigadas a reflexala na factura se non representa máis

do 25% sobre o total.

Ata non hai moito tempo os equipos de aforro enerxético eran exclusivos de grandes industrias pero recentemente saíron ao mercado modelos aptos para uso doméstico e para empresas pequenas, aquelas con un consumo mensual comprendido entre 1.000 e 2.000 euros. Raúl couso apunta que “hai moitos electricistas que descoñecen este tipo de equipos ou que pensan que só son aptos para locais que teñan un gran consumo. É unha idea equivocada. Sen ir máis lonxe, na miña casa estaba pagando 35 euros e agora pago 18, 20 ou 22. É unha diferenza enorme”.

Descontos ás empresas

Estes sistemas de aforro están sendo instalados na comarca dende hai 3 meses por Conopluss, que asinou acordos coa Asociación de Empresarios da Terra de Melide (Asetem-Cca), a Asociación de Empresarios e Comerciantes de Arzúa (Aeca) e Asociación de Comerciantes e Industriais



Ata hai pouco tempo o mellor xeito de aforrar era non consumir

de Palas de Rei (Acipa) para permitir que os asociados se beneficien dun desconto do 10% no custo da instalación.

O tamaño e o prezo do sistema varía en función da potencia contratada e do consumo. O máis sinxelo, para uso doméstico, instálase nun senchufe. “É parecido aos aparellos que se usan para os mosquitos”, explica Raúl Couso. O modelo industrial vai enganchado no cadro eléc-

trico e os de maior capacidade requiren incluso dun térmico só para eles. Os dispositivos máis baratos custan arredor de 100 euros.

Os equipos de aforro enerxético realizan tamén outras funcións secundarias como a de protexer os aparellos dos picos de tensión ou das descargas eléctricas causadas polas treboadas. Nestes casos, porén, a súa eficacia non está garantida ao 100%.

CONOPLUS[®]

- Ahorro de energía
- Protección y prevención de los equipos
- Alarga la vida de sus máquinas
- Olvidate de subidas y bajadas de tensión
- 5 años de Garantía y más de 20 años de vida
- Sin inversión económica



!! Ahorramos de un 10% a un 25 % en el consumo real de su factura eléctrica !!

Pruebe un sistema de energía para todo su negocio.
Los mejores ahorros y protección,
basado en una tecnología de última generación
que contiene dos beneficios claves:

Ahorro de Energía

Protección de los equipos



TEL: 918 12 13 88
987 80 28 02
El Edo Almería
central@gruentek.especo.com.es

Vendido o distribuido por:

Raúl Couso
619 04 32 04

Central y Fabrica:
P.L. Suncastel C/La Loja, Parcela 18, Ofic. 3
18210 Pulgar (Granada)
TEL: 958 46 57 89
Fax: 958 46 58 59
www.conoplus.com

DIRECTORIO DE EMPRESA E COMERCIO

ASESORÍAS

CC Xestión
Florentino Cuevillas, 2
881973307
Seguros Bilbao
Rda. de Pontevedra, 113
678055942

BANCA

Banesto
Rda. da Coruña, 16
981507978
Caixanova
Alexandre Bóveda, 7
981507300

CANTEIRAS

Canteras Rechinol
Arenal, 64 entrp. Izq,
Lalín
981505504
Canteras Prebetong
Brasil, 56, Vigo
981505576

CARPINTERÍA

Blangar
Ctra. Lugo km 46,
Melide
981505418
Carpintería
José Vilela
Lg. de Piñor, 14
667435808
Carpintería Laya
Rua Palas de Rei, 8
981505283
Eypar, S.A.
Madanela
981507203
Maderas
Ovidio Leiva
Belmil, Santiso
608587447

COMERCIO

Aceiteiro
Rda. da Coruña, 34
981505013
Andón Zapatería
Galicia, 26
981507896
Área de Servicio
O Rañao
O Rañao s/n, Melide
981506473
Autorecambios
Ángel
Avda. de Lugo, 4
981505251
Bambi
Rosaleda, 5
981507536
Bensar
Novoa Santos, 10
981506165
Berencello
Rúa do Convento, 2
661815976
Bodejas Mejuto
Rda. de Pontevedra, 74
981505004
Calitex
Galicia, 4
981505154
Calzados Broz
Camiño de Ovedo, 13
981505160

Carnicería Mella
Progreso, 16
981507556
Carnicería Penas
Avda. de Lugo, 35
981505916
Casa das Luces
Alexandre Bóveda, 11
981505111
Casa Juanito
Mateo S. Bugueiro, 39
981505103
Casa Santos
Avda. de Lugo, 8
981505396
Centro Comercial
Ares
Rda. da Coruña, 27
981505053
Cociñas M. Buján
Avda. de Lugo, 99
981507421
Comercial Pampín
Cantón de S. Roque, 4
981506142
Confecciones
Cardigan
Convento, 20
981505110
Cousa Novas
Rúa do Convento, 30
981507474
Cristalería González
Agüeiros, 44
981507016
Cubiertas
Hermanos Blanco
Pol. Ind. A Raña, rúa 7.
O Barco
988335294
Decoré
Rúa do Convento, 1
661779193
Deportes López
Avda da Habana, 5
981505425
Distribuciones
Mella
Xoán XXIII
981506068
Distribucións
O Carrizo
Avda. de Lugo, 83
615360089
Distribuciones
Pascual
Avda. Lalín, 24
981506150
Estanco Angarela
Progreso, 9
981506096
Electricidade Vilela
Avda de América, 34
981505900
Electrotel 2000
Florentino Cuevillas, 18
981507171
Escayolas Sito
Rda. Pontevedra, 75
981505951
Espomasa
Ctra. Melide-Toques,
km 8, Toques
981505971
Establecimientos
El Mueble
Rda. Pontevedra, 2
981505089
Estación de Servicio
Corredoiras
Corredoiras, 14,
Boimorto
981516004

Eurocadena
Cantón de S. Roque, 9
670292917
Expert-Melide
Rda. da Coruña, 32
981507855
Floristería Chelo
Alhóndiga, s/n
981505876
Floristería Maru
Convento, 9
981507580
Floristería Tarrío
Amador Rguez, 7
981506164
Frutas Gallego e
Hijos
Laberco, s/n, Arzúa
981500429
Frutas Nati
Pol. Ind. A Madanela
600448092
Fuciños Rivas
Rda. da Coruña
981505047
Hijos de Casal
Mariño
E. Álvarez Carballido, 1
981505310
Imaxina
Florentino Cuevillas, 4
881957087
Imprenta Meligraf
Rúa Galicia, 26
981506256
Inpugal
Rda. de Pontevedra, 107
981507647
Iris Melide
Emilia Pardo Bazán, 11
981507806
Jim Sports
Technology
Madanela S/N
981506434
José Xaneiro
Avda. Toques, 57
981505335
Joyería Oro Ley
Rúa de San Pedro, 14
981505468
Joyería Silvela
Rda. da Coruña,40
981505997
La Cortina
Avda. de Lugo, 43
981506358
Lácteos Terra de
Melide
Orois, Melide
981808009
Larpeiradas
Praza do Instituto,4-3º
981505688
Leiva Motosport
Rda. da Coruña, 52
981507334
Librería Cousas
Avda. da Habana, 29
981505775
Librería Victorio
Taboada Roca, 1
981505055
M&M Moda
Rda. da Coruña, 58
981942415
Marvi
Rúa do Convento, 16
981507194
Melimática
Otero Pedrayo, 6
981507881
Mobles Ares
Rda. da Coruña,62
981505564

Modas El Dándolo
Convento, 15
981506370
Modas Manuel
Rda. da Coruña, 68
981507377
Motor Melide
Pol. Ind. A Madanela
981507031
Muebles Paula
Ctra. Lugo, km 46,
Melide
981505734
Muxica Tenda
Xoven
Rúa do Convento, 36
981506366
Óptica Abal
Rda. da Coruña, 20
981506097
Ortopedia Ortosáude
Rda. Pontevedra, 16
981507874
Panadería Tahona
Avda. da Habana, 7
981505127
Panadería e
Pastelería Toques
Avda. de Lugo, 31
981505181
Per lei
Rúa de San Pedro, 10
981507437
Perfumería Lyss
Rda. da Coruña, 44
981507684
Pescados Abel
Ovedo, 16
609823079
Pescados e
Mariscos Manolo
Rosaleda, 10
629812029
Pinturas Mejuto
Vimianzo, Santiso
981193494
Q me compro
Alexandre Bóveda, 16
981505149
Ramón Cabado
Avda. Toques, 30
981505137
Ramón Pampín
Bango
Rda. de Pontevedra,105
981507526
Ribeirao
Convento, 12
981505018
Silvia Novias
Rda. de Pontevedra,48
981507174
Cooperativa
Melisanto
Agüeiros s/n, Melide
981506026
Suministros
Industriales Cire
Pol. Ind . A Madanela,
parc. 22
981507954
Súper Vilasoa
Xesús Bal Gay, 6
627240011
Supermercados
García
Rda. da Coruña, 14
981815400
Supermercados
Gómez
Amador Rodríguez, 3
981507027
Xebre
Rúa de San Pedro, 16
981505723

Xoiería Roval
Alexandre Bóveda,12
981505431
Zapatería Tanuska
Cantón de S. Roque,14
981505793

CONSTRU-
CIÓN

Barreiro Lodeiro, J.
Baltar, Melide
981515386
C.S.A.
Convento, 15-1º Izq.
981507374
Calefacciones Rois
Alcalde Jesús Fuciños
Buján, baixo
981804404
Cervisa Sistemas
Metálicos
Pol. Ind. A Madanela,
981507176
Const. M. Espiño
Concepción Arenal, 5
981507729
Const. Leonardo
Miguélez
Santa María, Melide
981505273
Const. Martínez
Cordido
Dr. Fleming, 1
981506051
Const. Pambre
Fdez. Castro, 8
981505859
Const. Pichel Hnos
Avda. Estación, 2, Lalín
986780759
Costoya Varela, J.
Rda.Pontevedra,51 1º Iz.
981507089
Escayolas
Jesús Fociños
Avda. Montserrat, 40
Esc. 3 piso L2, A Coruña
981170550
Excavaciones
Paradela
Ribeiro,s/n
Os Ánxeles, Melide
981505592
Hormigones Carral
Sta. María de Veira,
As Travesas, Carral
981505025
Hormigones Myhnor
Pol. Ind. A Madanela,
Parcela 30
981173616
Marmolería
La Viña
C/ Lugo s/n, Arzúa
981500451
Marmolería Melide
Gosenxe, Ribadulla,
Santiso
981505518
Penas y Mosteiro
Avda. Toques y Friol
981504782
Química Industrial
Proquintas
Pol. Ind. A Madanela
981505300
Revestimientos
Rifer
Avda. de Lalín, 26
981507116

HOSTELERÍA

Bodegas Curros
Rda. de Pontevedra,18
981505968
Bodegón Celta
Agüeiros, Melide
981505505
Café Chaplin
Cantón de S. Roque,17
981505355
Cafetería Ivory
Cantón de S. Roque, 1
981507901
Cafetería Marta
Cantón de S. Roque, 13
981505346
Cafetería MJ
Alexandre Bóveda, 17
981507853
Cafetería Ruada
Rda. de Pontevedra,95
981507537
Cafetería Trinidad
Antón Fraguas, 3
Espectáculos
Ángel Seoane
Avda. da Habana, 15
981505328
Hotel Carlos 96
Avda. de Lugo, 119
981507633
O sapo Lambón
Avda. de Toques, 35
981505023
Parillada O Carbuvo
Villamor, Toques
981504907
Parrillada Rúa
Avda. de Lugo, 50
981506076
Pazo de Eidián
Eidián, 5 Agolada
986682545
Pizzería Xoldra
Avda. de Lugo, 25
981507906
Pulpería Alongos
Avda. de Lugo, 22
981507510
Pulpería Ezequiel
Cantón de S. Roque,46
981505291
Pulpería Mosquera
Avda. de Lugo, 85
981505587

ENXEÑERÍA
TÉCNICA
AGRÍCOLA

Javier López López
Rúa Xosé Ramón Fdez.
Castro, 6
981505482

SERVIZOS

Aprende Academia
Rda. de Pontevedra,10
981815432
Fisio-Vida
Florentino Cuevillas,16
981507047
Inmobiliaria
Villamor
Cantón de S. Roque, 8
981815330
Mª Jesús Iglesias
Sánchez
Rda. Coruña, 29-1ºD
981507608

OID
Rda. Pontevedra, 53
981505156
Peluquería
Santín & Amo
Cantón de S. Roque, 9
Entrechán
650436375
Rural Tec
Martagona esquina Bos
Aires
981507245
Skala Peluqueros
Almirante Brown,19-21
981505903
Tecnamelide
A Madanela, parc. 80
981506388
Tecturis
Avda A Coruña, 39
2º C, Lugo
982242563
Toño Peluqueros
Rda. Pontevedra, 59
981506181
Veterinaria Mónica
Blanco
Mateo S. Bugeiro,11
629507958
Xiganet
Rúa Progreso, 36
615929647

SOCIO COLA-
BORADOR

Mª Carmen
Carreira Simón
Rda. da Coruña, 50 1º
981505280

TALLERES

Talleres Bertocar
Furelos, Melide
981505612
Talleres Leiva
Madanela, Melide
981505211
Talleres Mejuto
Sta. María, Melide
981505999

TRANSPORTES

Cabado Rguez, J.R.
Pezobrés s/n, Santiso
981517789
Gasogal S.L.
Emilio Campoamor, 2
981506029
Transportes Sierra
Pol. Ind. Madanela,
parcela 79
981515818

O sector da construción ponse ao día das novidades en prevención de riscos laborais

Empresarios da comarca repasan as súas responsabilidades nunha xornada impartida por Apecco

Ducias de empresarios e directivos do sector da construción das comarcas de Melide, Arzúa e Palas de Rei recibiron información sobre prevención de riscos laborais no transcurso dunha xornada impartida pola Asociación Provincial de Empresarios da Construción da Coruña (Apecco) no local de Asetem da Rúa Lino Sexto Sánchez. As leis recentes e as últimas modificacións en materia de prevención de riscos centraron un coloquio de baixo perfil teórico no que os profesionais do sector tamén tomaron a palabra para plantear todas as súas dúbidas.

Os ponentes da xornada destacaron que os construtores descoñecen a miúdo aspectos importantes en materia de seguridade laboral e descoidan detalles cuxo incumprimento pode supoñer unha grave infracción. As sancións por irregularidades en materia de prevención oscilan entre os 40 euros e os 820.000.

Unha das faltas máis comúns entre os directivos da construción é esquecer que hai que renovar cada tres anos a inscrición no Rexistro de

Empresas Acreditadas (REA), o que certifica que se cumpren os requisitos de calidade na prevención de riscos. Tamén é frecuente crer que non é necesario levar o Libro de subcontratación á obra. En relación con este documento realizouse unha detallada explicación práctica sobre como cumprimentalo.

O réxime de subcontratación no sector foi un dos temas que despertou maior interese entre os asistentes, moitos dos cales se viron sorprendidos por algúns aspectos desta normativa de 2007 que establece, por exemplo, que os autónomos non poden subcontratar. Tamén foi asunto de debate a prevención en obras menores e os cambios introducidos en 2010 no documento para a apertura de centros de traballo, necesario mesmo para a simple reforma dunha cociña e que o empresario deberá ter antes de enviar os obreiros ao lugar de traballo.

Houbo tempo ademais para falar da importancia da tarxeta profesional, o documento que acredita entre outras cousas a formación recibida polo traballador en materia de pre-



Miguel García Eiroa, xerente de Apecco, abordou a Lei de Subcontratación

vencción, e das responsabilidades do construtor.

Todos estes temas foron expostos por un panel de expertos na materia entre os que figuraban Miguel García Eiroa, xerente de APECCO, Francisco Nores Quesada, xefe de seguridade na construción do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), José Manuel Blanco Montero, xefe de prevención de Acciona en Galicia, e Juan Carlos Fernández Herrero, director de formación de APECCO. Todos eles incidiron na importancia de tomar a prevención en serio e de actualizar coñecementos asistindo a cursos presenciais.



Francisco Nores, do ISSGA, falou da prevención en obras menores

Aumenta un 150% o número de accidentes laborais en Melide dende 1995

Os sinistros graves foron só o 5% do total en 2009

Malia que as esixencias na prevención de riscos laborais son cada vez maiores e tanto empresarios coma traballadores semellan estar máis concienciados en materia de seguridade, as cifras ofrecen un panorama moi negativo no que ao concello de Melide se refire.

Segundo datos do Instituto Galego de Estatística, no mu-


nicipio producíronse en 2009 (último ano do que hai información dispoñible) 65 accidentes laborais, o que supón un incremento do 150% con respecto a 1995, cando se rexistraron tan só 26 accidentes. Esta tendencia crecente confírmase en todos os concellos da comarca. Así, Santiso pasou de 6 accidentes en 1995 a 15 en 2009, Sobrado de cero a 12 e Toques de 1 a 6.

No conxunto da Terra de Melide o aumento foi do 196%. No obstante, a nota positiva pona o número de accidentes graves. No ano 2009 entre os 4 concellos da comarca só sumaron 4, o que re-

presenta menos do 5% do total de accidentes.

A Terra de Melide, con 98 sinistros contabilizados en 2009, non lidera o ranking da contorna. Por enriba está a comarca de Arzúa, con 111 accidentes. A Ulloa rexistrou 39.

Os servizos, seguidos da agricultura e da construción, son os sectores máis problemáticos. En concreto no da construción producíronse no que vai de ano na provincia da Coruña, segundo datos do Instituto Galego de Saúde Laboral, 240 accidentes, dos que 4 foron graves e 2 mortais. O ano pasado houbo 309 sinistros, ningún mortal.



Os accidentes máis graves prodúcense no sector da construción

Un incendio queima 40 hectáreas na zona da Madanela e ameaza o cemiterio e naves industriais

O lume avanzou con rapidez debido á sequía e tardou 4 horas en ser controlado

Veciños da vila e empresas do polígono tamén se sumaron aos labores de extinción.

O concello de Melide non quedou á marxe da vaga de incendios forestais que afectou aos montes galegos no inicio dun dos outonos máis secos que se recordan. O lume arrasou durante a noite do sábado 15 de outubro 40 hectáreas de monte e chegou a ameazar seriamente o cemiterio e varias naves industriais.

A voz de alarma saltou sobre as 8 de tarde cando foi avistado o primeiro foco no Lugar do Meire. Prácticamente de forma simultánea foron avistados outros dous focos máis en puntos diferentes da mesma área, o que fai pensar que o incendio foi provocado. O lume propagouse con rapidez debido á sequidade do terreo tras varias semanas sen chover e axiña alcanzou a parte traseira do novo cemiterio. O camposanto non tardou moito tempo en verse practicamente rodeado. Os momentos de maior tensión vivíronse cando varias naves industriais próximas se viron ameazadas. En concreto as de Muebles Paula, Fábrica de colchones Traspome e Talleres Leiva. Finalmente ningunha delas sufriu

danos materiais.

Ata o lugar desprazouse un amplo dispositivo integrado por brigadas da Xunta de Galicia, 5 motobombas e membros de Protección Civil e da Policía Local de Melide. Foi necesaria a presenza dunha máquina retroexcavadora. Nos labores de extinción participaron tamén empresas da zona como Construcción Monterroso, Excavacións Paradela, Eugenio Rey, Cooperativa Melisanto e Casal y Vázquez S.C., ademais do Grupo de Pronto auxilio de Melide e numerosos veciños da vila. Os helicópteros antiincendios non puideron colaborar na extinción porque xa caera a noite.

O incendio deuse por controlado ás dúas da madrugada pero a zona estivo vixiada por un retén ata domingo pola mañá para evitar que as chamas se reavivasen.

O da zona da Madanela non foi, non obstante, o único lume que sorprende aos melidenses. Na mesma noite do sábado orixíounse outro foco na parroquia de San Cosme, que tardou dúas horas en ser controlado. Houbo ademais



A fronte do incendio avanzou con rapidez cara ao cemiterio

focos alternativos no Folicheiro e na parroquia de San Salvador, todos eles controlados polos propios veciños.

O Concello de Melide, a través dun comunicado, manifestou o seu agradecemento a todas as empresas, veciños e servizos públicos que participaron na extinción dos incendios e fixeron posible que non houbera que lamentar danos materiais de grande importancia. Asemade, pediu a colaboración cidadá para identificar aos culpables.



Os muros do cemiterio evitaron que o lume avanzase máis


Villamor.s.c
www.inmobiliariavillamor.com

Rodrigo Fernández Pombo
 gerente

Inmobiliaria - Seguros - Comunidades

MELIDE
 Canton de San Roque, 8

Telf. y fax: 981 815 330
 info@inmobiliariavillamor.com

SEGUROS BILBAO

Grupo **CATALANA OCCIDENTE**

Rodrigo Fernández Pombo
 C/Rda. de Pontevedra, 113
 15800 - MELIDE
 Tlf/Fax: 981 506 495
 Móvil: 678 055 942

**CONVENIO ESPECIAL ASETEM:
 PRECIOS ESPECIALES PARA ASOCIADOS**

OFICINAS Y COMERCIOS

HASTA EL

40%

descuento

TU SEGURO DE OFICINA
 O COMERCIO
 A PRECIO DE
 OTRAS TEMPORADAS

Estudantes e mestres maniféstanse contra os recortes no ensino público

A media de alumnos por clase aumentou na ESO un 20%

O alumnado do Instituto de Melide saíu á rúa para protestar polos recortes no ensino público. Unha ampla maioría de estudantes secundou a xornada de folga convocada en toda Galicia o pasado 6 de outubro.

Baixo lemas como “Loitemos por un futuro” ou “Por un ensino de calidade”, preto dun cento de mozos e mozas percorreron as rúas da vila para expresar que “non estamos dispostos a aceptar recortes que degradan a calidade dos centros públicos”. Os estudantes denunciaban que se está a producir unha redución no número de profesores e de materias optativas, xunto cun aumento de alumnos por clase que, ao seu xuízo, “empeora as condicións” do día a día nas aulas.

Máis alumnos por aula

O instituto de Melide ten matriculados na actualidade 431 alumnos, só 9 menos ca no curso anterior. Porén, este ano suprimíronse no centro



Os estudantes do instituto percorreron as rúas de Melide trala pancarta

catro grupos da ESO, pasando dun total de 15 a 12, e un de bacharelato (había 6 e quedaron 5). A redución ten como consecuencia principal o aumento no número de alumnos por curso, que se fai máis evidente nas aulas da ESO. A media de estudantes por clase aumentou neste tramo un 20% o presente curso escolar, pasando de 20 alumnos por aula o ano pasado a 25 neste ano académico. No caso do bacharelato pasouse dunha media de 22

alumnos por aula a 25. Os Mestres denuncian que hai materias optativas que se teñen que impartir con ata trinta alumnos.

Folga de mestres

Parte do profesorado do Instituto participou tamén noutras dúas xornadas de folga convocadas a finais de setembro. O claustro do centro educativo acordou facer público un comunicado, a través da páxina web do instituto, no que denuncia os

recortes no cadro docente. Isto está a provocar, segundo sinalan, “que o horario dos profesores non contratados sexa asumido por outros mestres e que se incremente o número de alumnos por aula”. Rexeitan, por outra parte, “que se queira criminalizar ao colectivo facendo crer que convocamos protestas por ver incrementada a nosa xornada laboral en dúas horas”. O claustro seguirá programando actos reivindicativos ao longo do curso.

O consistorio abrirá pola tarde un día á semana

O goberno municipal está a negociar co persoal do concello unha reorganización de horarios. A alcaldesa, Ánxeles Vázquez, quere que a casa consistorial estea aberta ao público os mércores pola tarde. Segundo sinala a rexedora, a iniciativa responde á intención de que “os veciños e veciñas de Melide poidan levar a cabo xestións administrativas en horarios máis compatibles coa maioría das profesións”.

De saír adiante a proposta, os horarios das oficinas municipais sufrirán máis cambios. Outra das modificacións propostas é a apertura do concello dende as 8:30 horas ata as 15:00, sendo o horario de atención ao público de 9:00 da mañá a 14:30 da tarde e quedando o resto do tempo para a xestión administrativa diaria.

O edil encargado do departamento de persoal, José Luis Arias, xa mantivo unha reunión cos traballadores do concello para presentar a reorganización de horarios. Ao mesmo tempo, os posibles cambios tamén foron postos en coñecemento dos sindicatos.

O concello só tivo que aportar 15.000 euros para as festas na honra do San Roque

As arcas municipais quedaron menos resentidas este ano ca en ocasións anteriores tras a celebración do San Roque. As festas grandes de Melide custaron 116.000 euros pero desa cantidade o concello tan só aportou 15.000, o que representa un 13% do total.

Para o concelleiro de Turismo e Promoción Económica, Santos López, estas cifras supoñen “un éxito económico” que se conseguiu “grazas a unha xestión eficiente dos recursos. Logramos cobrar ingresos en tempo e forma e, ao mesmo tempo, pagar”.

Os donantes voluntarios e

os negocios, aos que se lles actualizou a cota este ano, aportaron 77.000 euros para as festas patronais, o 66% do total de ingresos. Dos cobros realizados ás atraccións e aos postos de venda obtivéronse outros 24.000 euros. No lado oposto da balanza, a contratación de orquestras, bandas, charangas, iluminación e fogos de artifício fixo ascender os gastos a 116.000 euros. Nesta partida non se inclúen o concerto da Orquesta Sinfónica de Melide nin a actuación do grupo Cornelius 1960, que foron subvencionados pola Xunta de Galicia.

Para o edil de Turismo e

Promoción Económica a clave para conseguir unhas festas menos custosas estivo “no esforzo transversal que fixeron todas as concellerías e no respaldo do pobo, que nos permitiu sacar adiante unhas festas á altura do que merecen os veciños a pesar de que só tivemos un mes para organizalas”.

Por outra parte, Santos López presentoulles as contas dos festexos a todos os sectores económicos da localidade e aproveitou para trasladarlles a idea de constituir unha comisión mixta, integrada polo concello e polos diferentes gremios, para organizar as festas.

Patrimonio acondicionará o Camiño Francés ao seu paso por Santa María

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural vai acometer unha serie de actuacións para restaurar o Camiño Francés cara a Santiago ao seu paso por Santa María de Melide. Entre as obras que se van acometer destacan o soterramento da liña de electricidade e a limpeza do cruceiro románico, así como o asfaltado da zona de descanso e de toda a praza de Santa María, excepto o acceso ao atrio da igrexa e á base do Cruceiro.

Dentro do mesmo proxecto tamén se contempla a creación dunha área de descanso provista de bancos e colectores de lixo co fin de

coidar a estética do Camiño de Santiago e prestar servizo tanto a veciños como a peregrinos que a miúdo pasan pola zona.

As obras terán un custo total de 178.500 euros e serán asumidas integramente pola Dirección Xeral de Patrimonio. O concello anunciou que coordinará todas as actuacións para que as obras se desenvolvan con total normalidade para os veciños da zona e causen os menores inconvenientes posibles. A alcaldesa, Ánxeles Vázquez, considera que o proxecto será moi beneficioso para Melide e para a súa riqueza arquitectónica.

Discrepancias entre PP e BNG polo retraso na aprobación inicial do PXOM

O concello puido ter perdido a subvención para redactar o plan por non cumprir os prazos establecidos

O concello de Melide tivo que solicitar á Xunta de Galicia unha prórroga para non perder a subvención que recibiu no seu día para a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM). A concesión da axuda obrigaba a aprobalo inicialmente antes do mes de novembro pero o documento está aínda sendo modificado. Este retraso no cumprimento dos prazos provocou nas últimas semanas discrepancias entre os grupos políticos da oposición e o goberno local.

A alcaldesa, Ánxeles Vázquez (PP), convocou unha xunta de portavoces para pedir ao anterior goberno local (BNG e PSOE) explicacións sobre os motivos polos que non someteu o documento á aprobación

inicial. Sostén que a empresa redactora o presentou en setembro de 2009 e que nacionalistas e socialistas o tiveron paralizado dende entón. En marzo de 2010 aprobouse a modificación da Lei do Solo e o feito de que o PXOM non estivese aprobado inicialmente antes de que se produciran eses cambios na lexislación obriga ao concello, segundo apunta Ánxeles Vázquez, a que “teñamos que partir practicamente de cero”.

É precisamente nos cambios da Lei do Solo onde se ampara a anterior alcaldesa e actual portavoz municipal do BNG, Socorro Cea, para defender a súa xestión á fronte do executivo local. “Tiñamos pensado aprobalo a finais de 2009 pero sabíamos que ía haber cam-



Ánxeles Vázquez (PP) e Socorro Cea (BNG) nunha imaxe de arquivo

bios na normativa. Non queríamos aprobalo e que uns meses máis tarde quedase completamente obsoleto. A decisión tomouse en función de criterios técnicos”, argumenta Cea.

Nega que o PXOM estivese paralizado e sinala que á súa chegada ao goberno municipal atoparon un planeamento que acababa de ser rexeitado pola Xunta e

que precisaba facer “unha infinidade de cambios”.

A día de hoxe o PXOM necesita acometer modificacións relativas aos espazos rurais. Unha vez que estean realizadas, estará listo para ser aprobado inicialmente. Logo terá que pasar un período de exposición pública e alegacións antes de ser aprobado de forma definitiva.

A Deputación inviste preto de 188.000 euros para mellorar viais

O Concello de Melide e a Deputación da Coruña invertirán 188.000 euros en dous proxectos de acondicionamento de viais e ampliación das zonas de saneamento. A primeira das obras, que conta cun orzamento de 97.000 euros, consistirá na apertura de novos viais, coas correspondentes beirarrúas, nos lugares de Os Ánxeles, San Cibrao, Cabanelas, Xubial, Piñeiro, Seixas, Zas de Rei, Piñor, O Folicheiro, Rúa Ourense e Rúa Emilio Piñeiro. O segundo proxecto inclúe o establecemento da rede de pluviais e a reposición de firme na Rúa Javier Rodríguez e outras sete rúas próximas.

Por outra parte a Xunta de Galicia destinou 177.000 euros para mellorar os accesos ás explotacións agrarias dos lugares de de Pardiñeira, Donide, Chapelín, A Graña e Compostela.

Dúas persoas asaltan e agreden ao traballador dunha pulpería

Dúas persoas atacaron a madrugada do pasado domingo día 2 de outubro ao camareiro da pulpería melidense A Garnacha, sita no número 2 do Camiño Vello de Santiago. O asalto produciuse na porta de entrada do local cando o traballador marchaba para a casa. Todos os indicios apuntan a que os atracadores pretendían apropiarse da recadación do negocio.

O camareiro, que acababa de pechar despois de facer a limpeza, non levaba os cartos consigo. Foi entón cando os dous homes o agrediron, motivo polo que necesitou asistencia médica no centro de saúde da vila, onde se lle practicaron varios puntos de sutura na cara.



Os atracadores estaban esperando a Jorge á saída do local

Segundo o propietario do establecemento, os dous individuos, aparentemente de orixe suramericana, poideron ter vixiado o local durante algúns días antes do asalto, pois coñecían as rutinas e o horario de peche. Aínda así confundiron ao

propietario co empregado, residentes ámbolos dous nun inmoible inmediato.

Os feitos foron denunciados e postos en coñecemento da Garda Civil esa mesma noite. De momento non se ten producido ningunha detención.

Melide tardará catro anos en pagar o que debe ás eléctricas

O concello de Melide débelle a Gas Natural Unión Fenosa e Lumymey, as dúas compañías coas que ten contratado o suministro eléctrico, 364.000 euros que non será capaz de liquidar ata o ano 2016.

A débeda pagarase de forma fraccionada a partir de 2012 e os cartos necesarios para facerlle fronte saíran do que se aforre dende agora no recibo de Unión Fenosa, unha vez que o concello actualizou as condicións contractuais coa hidroeléctrica. A alcaldesa, Ánxeles Vázquez, vén de asinar recentemente con dita compañía o contrato de mercado libre, ao que están obrigados todos aqueles clientes con potencias instaladas de máis de 10 Kilo-

vattios. Isto permitirá aforrar, segundo estimacións realizadas polo goberno local, un 30% anual. En termos absolutos son uns 100.000 euros ao ano que se destinarán a pagar a débeda contraída.

Nestes momentos o concello de Melide carece de orzamento para aboar o servizo de suministro eléctrico dos meses que restan de 2011. As partidas consignadas nas contas para o presente ano son insuficientes, polo que a débeda coas hidroeléctricas podería verse incrementada.

A débeda recoñecida con Gas Natural-Unión Fenosa ascendía, o pasado mes de xullo, a 128.000 euros e con Lumymey a 236.000 euros en xuño.

Servicio de Traumatología



KONICA MINOLTA

NUESTRO SERVICIO DE TRAUMATOLOGÍA DISPONE DEL EQUIPAMIENTO Y TECNOLOGÍA QUE GARANTIZAN UNA ASISTENCIA ESPECÍFICA A CADA PACIENTE.



Diagnóstico y tratamiento de patologías:

- Musculoesqueléticas: músculos, tendones, ligamentos, articulaciones y huesos.
- Relacionadas con la columna vertebral, hernia discal.

Cita previa:
Tel: 981 506 228



- Medicina general: adultos e infantil
- Análisis clínicos
- RX y ecografía
- Enfermería / ATS
- Reconocimiento médico laboral para empresas y autónomos
- Concierto con: Cías. de seguros, médicos privados y mutuas laborales
- Valoración de accidentes / Daño corporal
- Psicotécnico para conductores CRC 0108

ESPECIALIDADES:

Urología • Ginecología • Podología • Psicología
Fisioterapia y osteopatía • Traumatología

HORARIO:

De lunes a viernes: de 9:00 a 14:00 h. y de 16:00 a 21:00 h.
Sábados y domingos: de 10:00 a 13:00 h.



Titular médico: Dr. ÁNGEL RIVEIRO PÉREZ

**Praza das Universidades, 5 bajo
15800 Melide. A Coruña**

Tel.: 981 506 228

O Festival da Terceira Idade volveu celebrarse en Melide para elixir a miss e míster Galicia

Recupérase con notable acollida logo de varios anos suspendido

Dolores Martín e José Gómez foron os dous gañadores do concurso

De sempre foi sabido que Melide é terra de xente guapa e o resultado da última edición de Miss e Mister Galicia Terceira Idade, celebrado este mes no cantón de San Roque, non fixo máis que confirmalo.

Un melidense, José Gómez Valiño, convenceu ao xurado coa súa presenza e saber estar e fíxose coa banda que o acredita como o xubilado máis guapo de Galicia tras impoñerse ao resto de participantes chegados das 4 provincias galegas. Foi un dos triunfadores da XVII edición do Festival da Terceira Idade, que volveu recuperarse despois dalgúns anos de ausencia.

Non houbo tanta sorte para a representante de Melide na categoría feminina, Mari Carmen Codesido Sexto, que viu como a candidata de Ourense, Dolores Martín, levaba a coroa de



Opúblico encheu o Cantón de San Roque para ver desfilas as modelos pola pasarela

Miss Galicia e tamén o premio correspondente, unha viaxe de sete días a Lanzarote para dúas persoas. Porén a melidense non foi para a casa coas mans baleiras; o xeito de desfilas pola pasarela e a súa naturalidade valéronlle o título de Miss Elengancia. Foi quen de convencer a un xurado do que formaron parte a Conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e a alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez. O resto de premios foron para Dolores Otero, da Estrada, elixida miss fotoxenia e Dolores Couceiro, unha muller invidente dos Mallos, na Coruña, que se alzou co título de miss verán. Tamén dos Mallos era Amparo Moral, miss beleza, e de Arteixo Carmen Amado, miss marchosa.

Boa acollida

No concurso de Miss e Mister Galicia inscribíronse 35 mulleres e 14 homes pero foron moitos máis os asistentes que se congregaron no Cantón de San Roque o 2 de outubro para participar na festa. Ata Melide desprazáronse 20 autocares procedentes das catro provincias galegas. O concello estima que en total participaron no evento preto de 1.000 persoas. No marco do festival da terceira idade tamén se celebrou un concurso de pasobres, que tivo unha ampla participación. A xornada estivo amenizada por unha orquestra.



José Gómez, de Melide, Mister Galicia



Dolores Martín, de Ourense, Miss Galicia

**HOTEL BALNEARIO
RIO PAMBRE** ★ ★ ★

VILARIÑO (SAMBREIXO), PALAS DE REI
27203 LUGO

TLF. 982 37 41 35 / FAX. 982 37 40 98

**IMPRENTA
eligraf**

Tfno./fax: 981 50 62 56
Rúa Galicia, 26 - 15800 MELIDE
(A Coruña)

e-mail: meligraf@empresagalega.eu

Fátima Lea Santiso, un novo valor da canción

A súa voz e o seu talento son un descubrimento recente para moitos pero esta melidense de 15 anos, estudande de 4º da ESO, leva cantando dende que aprendeu a falar. Soña con subirse algún día ao escenario con Demi Lovato, da que se declara fan incondicional. Mentres non chega o momento, esforzase por aprender cada día máis e afronta con ilusión o seu primeiro ano no conservatorio.

- Como naceu o teu gusto polo mundo da canción? Venche de familia?

- A verdade é que non. Empecei a cantar dende pequena, sempre me gustou, pero non porque o vira na casa ou tivese parentes artistas. Na casa non canta ninguén, nin ben nin mal. (Ri)

- Ata que chegas ti...

- Si. Eu son das que está sempre cantando, aínda que no día a día non teño moito tempo porque chego ás 3 do instituto, xanto, logo vou facer deporte, os deberes... pero cando estou libre o primeiro que fago e coller o mi-

crófono e poñerme a cantar. Podo pasar horas e horas cantando sen parar.

- Que tipo de música interpretas?

- Un pouco de todo. Non teño un estilo definido aínda que me decanto polo pop actual. Gústame moito Américo e Demi Lovato. Encantárame subir ao escenario con ela pero penso que iso nunca vai pasar.

- Hai que loitar polos soños. No futuro, veste vindo da canción?

- A verdade é que me encantaría pero aínda non sei se me



Fátima Lea durante unha das súas actuacións

vou adicar a cantar ou a estudar. Teño que decidilo pero sí, sí que me vexo vivindo da canción.

- Es todo un descubrimento para moita xente. Primeiro na Vida Musical

de Melide e máis recentemente no Vagalume.

- Recordo con especial cariño a primeira actuación coa Vida Musical de Melide. A directora entereouse de que cantaba, escoitome e invitome a participar. No remate da actuación

achegouse moita xente para felicitar-me. A maioría non sabía que cantaba e pillouna por sorpresa. No Vagalume cantei por primeira vez hai uns meses. Xurdiu todo dunha forma un pouco improvisada.

- Como foi?

- Un día, estando na zona de pub, collín o micrófono e púxenme a cantar. Dende aquela baixei algunhas letras de internet de cancións que me gustaban e funas cantando. A xente escoitábame e viña.

- Un bo recordo sobre o escenario?

- Participei no concurso "Ti si que vales", en Melide, e quedei en postos de finalista.

- Algún malo?

- Hai pouco tempo fun a Radio Líder e pasei un mal trago. Cantaba en directo, púxenme nerviosa e case quedo en branco. Fóiseme a letra pero reaccionei axiña e puiden continuar cantando.



À MODA CON ASETEM-CCA > EL

Cadros en cores vivas para o inverno

As camisas de cadros en cores intensas son tendencia para esta tempada. Poñen o toque de cor no armario masculino que continúa ateigado de prendas en tonos negros e grises.

Óscar Segade viste unha camisa de manga longa de cadros vermellos, negros e grises, panta-

lón de espiguilla en gris e cazadora moteira negra en polipel, todo de M&M Moda. O cinturón de pel con fibela metálica é de Muxica Tenda Xoven. Calza zapatos sport en gris, de peche con velcro, de Zapatería Andón. Foi peiteado por Santín&Amo Perruqueiros.



M&M Moda. Chaqueta de lá con botóns. Pantalón vaqueiro gris, con desgastes nas pernas e pespuntos brancos. Camisa sport con cadros vermellos, azuis e brancos.



Muxica Tenda Xoven. Bandoleira marrón en polipel. Prezo: 32,50 euros. Cinturón artesanal en coiro marrón. Prezo: 29,60 euros. Conxunto de bufanda e gorro en marrón escuro. Prezo: 13,50 euros. Figuras: moto antiga. Prezo: 41,70 e avioneta. Prezo: 21,60 euros.



Zapatería Andón. Botín en pel marrón con cordóns, de Titto Bluni. Prezo: 75 euros

À MODA CON ASETEM-CCA > ELA

Negro e vermello, sempre un acerto

Ben sexa no día a día ou para unha ocasión especial, negro e vermello casan á perfección.

Estefanía Otero leva top de gasa con lazada lateral no cuello, pantalón chino tobillero en satén e americana en punto roma con pregues nos ombreiros, todo de M&M Moda. Os za-

patos abotinados de cordóns con combinación de pel e ante en negro son de Zapatería Andón; a xogo cun bolso negro con asas curtas, e uns pendants de prata con marquesitas de Muxica Tenda Xoven. O peiteado e a maquillaxe son de Santín & Amo Perruqueiros.



M&M Moda. Pantalón vaqueiro negro encerado. Xersei de lá, de manga curta e cuello caído. Blusa de gasa con estampado de lunares e con lazada lateral no cuello.



Zapatería Andón. Botín con tacón en pel con pelo de llama, de Wonders. Prezo: 125 euros



Muxica Tenda Xoven. Foulard marrón con estampado de flores. Prezo: 15,50 euros. Gorro de angora. Prezo: 10,50 euros. Xogo de pulseiras de metal. Prezo: 6,70 euros. Colgante. Prezo: 8,90 euros. Pendentes. Prezo: 4,50 euros.



Piden acondicionar o Río Furelos para que pesquen as persoas discapacitadas

A Asociación de Troiteiros Río Furelos proxecta habilitar un tramo do leito do río para que as persoas con algún tipo de discapacidade poidan iniciarse na práctica da pesca nun entorno accesible.

A execución do proxecto comprendería a distancia acoutada entre a Ponte Romana e os Pasos de Petos. O presidente da asociación, Xavier Pazo, asegura que a obra non é complexa. "Sería viable coa simple colocación dunhas barandas protectoras nun tramo do leito e coa mellora do firme da senda peonil que pasa polas inmediacións do río e do Camiño de Santiago", explica Xavier Pazo.



O río Furelos ao seu paso pola ponte medieval

Os promotores do proxecto xa remitiron a proposta ao Concello de Melide e á Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural para obter os permisos necesarios

e algún tipo de subvención. A Asociación de Troiteiros Río Furelos quere contribuir con esta iniciativa a mellorar a calidade de vida e o grao de benestar de todas as persoas.

O baile galego incorpórase á oferta das escolas deportivas

As escolas deportivas de Melide botaron a andar este mes de outubro con algunha novidade respecto a anos anteriores. Entre a vintena de actividades que se ofertan esta edición incorpórase de novo o baile tradicional galego, que non formaba parte do programa de actividades dende hai xa moitos anos. Outra das novidades é que tamén se impartirán clases de teatro.

Ámbalas dúas actividades, xunto coas clases de pintura e de informática impartiranse

tanto a nenos coma a adultos. O programa infantil, para menores de 3 a 16 anos, incorpora tamén patinaxe, tenis, bádminton, pádel, baloncesto, fútbol sala, balonman, psicomotricidade e baile moderno. A oferta para adultos inclúe aerobic, batuka, ioga, ximnasia de mantemento e bailes de salón. Estas dúas últimas actividades tamén forman parte do programa específico para a terceira idade, no que figuran ademais clases de informática e obradoiros de memoria.

FOTO-DENUNCIA

Rúa de Galicia, Rúa da desidia



Dous meses despois o muro da Rúa de Galicia segue tirado no chan feito anacos. A todos nos impresionou esta imaxe produto da incultura de quen di sair a divertirse e logo se adica a destrozar o mobiliario urbano nunha mostra total de incivismo. Pouco cívico é tamén que pasen os días e todo siga igual. A empresa

construtora propietaria da parcela debería, por iniciativa propia, erguer de novo o muro, cuxo estado actual proxecta unha imaxe pésima de Melide.

Os poderes públicos deberían tamén, por responsabilidade, presionar para que a Rúa de Galicia recupere o seu estado orixinal.

A Banda de Visantoña dará clase de piano

O curso 2011/2012 comeza na Banda Escola de Música de Visantoña cunha novidade destacable: entre as disciplinas impartidas figuran por primeira vez as clases de piano. A nova especialidade complementa outras xa asentadas como o canto, vento metal e madeira, gaita, percusión ou acordeón.

O curso comezou a primeiros de outubro pero o prazo de matrícula segue aberto. As clases teñen un custo de 15 euros mensuais para os cativos e 20 euros para os adultos. Os interesados en matricularse poden facelo a través dos seguintes números de teléfono: 981 507 984 e 981 505 431.

A Garda Civil celebrou o Día do Pilar



Os asistentes á misa ateigaron o patio do cuartel

Como cada 12 de outubro, celebrouse no cuartel da Garda Civil de Melide o día da Virxe do Pilar, patroa da Benemérita. O acto comezou cunha misa á que asistiron algunhas

autoridades locais e numerosos veciños. Rematada a cerimonia, cantouse o Himno da Garda Civil e a continuación os asistentes deron conta da xa tradicional pulpada.



Jorge López Vilela

- INSTALACIONES ELÉCTRICAS
- MATERIAL ILUMINACIÓN
- ELECTRODOMÉSTICOS
- CALIFACCIÓN E. TARIFA NOCTURNA
- CALIFACCIÓN BAJO CONSUMO

Tel.: 981 50 50 60 Fax: 981 50 78 44 móv: 609 65 28 83
Oficina Central: R. y Avda. América, 41, bajo • 15000 MELIDE (A Coruña)

S
SITO

M L IDEAS EN ESCAYOLA

Ronda de Pontevedra, 75
981505951-650 78 061
MELIDE - A Coruña

Soluciones en aluminio

KNAUF
Soluciones de interior

Santiso deixa de recibir fondos do Estado

Non presentou en prazo a liquidación das contas de 2010

O alcalde di que as nóminas e todos os pagos están cubertos

O concello de Santiso non recibiu este mes de outubro os 22.000 euros que lle corresponden dos ingresos do estado. É un dos 10 municipios de Galicia aos que a Administración Central deixou de transferir cartos por non ter presentado a tempo a liquidación dos orzamentos de 2010, tal e como esixe a Ley de Economía Sostenible.

Os cartos que recibe Santiso do estado representan aproximadamente un 25%

dos seus ingresos mensuais. O alcalde do municipio, o socialista Fernando Suárez Cousillas, asegura que o recorte non terá ningunha consecuencia negativa no funcionamento diario do concello. “Todos os pagos están cubertos, incluídas as nóminas dos funcionarios”, asegura.

Situación temporal

A retención de fondos é unha situación temporal, xa que o Ministerio de Economía desbloqueará as transferencias ao mes seguinte de que o concello remita a liquidación das contas. Suárez Cousillas sostén que Santiso volverá recibir os fondos estatais en novembro. “Retrasámonos máis do que quixeramos porque a secretaria estivo de vacacións, algo ao que ten dereito, pero na primeira semana de novembro estará no Ministerio toda a información reactiva á liqui-



Casa do concello de Santiso

dación das nosas contas”.

Culpa do retraso na entrega da documentación á situación que atoparon cando chegaron ao goberno, hai 4 meses. “Estaba todo sen facer. Non poide- mos liquidar as contas de 2010 porque aínda estaban parte das do 2008 e 2009 sen rematar. Sacar adiante

todo ese traballo leva moito tempo”.

O concello de Santiso acumula unha débeda de 900.000 euros. Fontes municipais sinalan que hai remanente suficiente para afrontar os pagos. O goberno local non puido dispoñer ata agora deses cartos porque non estaban

rematadas as contas dos tres últimos anos.

Toques e Sobrado

Os concellos de Toques e Sobrado tamén estiveron durante todo o verán no punto de mira da Administración Central. Porén, a decisión do Ministerio de ampliar ata o 30 de setembro o prazo para liquidar as contas permitiulles entregar a documentación a tempo e evitar unha situación complicada para as súas arcas. No conxunto de Galicia deixaron de recibir fondos estatais un total de 10 municipios, dos que só dous están na provincia da Coruña: Santiso e Ames. Completan a lista Agolada, Ribadumia e Rodeiro, en Pontevedra; Manzaneda e Vilamartín de Valdeorras, en Ourense; e Antas de Ulla, Mondoñedo e Xermade, en Lugo. En conxunto, o goberno vailles reter uns 681.000 euros.

Aparece tirado un porco morto preto da ponte de Vimianzo

O animal pesaba uns 200 quilos e xa comezaba a descompoñerse

A tradicional limpeza do río Furelos que realiza cada ano a Asociación de Troiteiros acostuma a deparar sorpresas pola condición orixinal ou estraña dos obxectos atopados. A imaxinación dos cidadáns pode ser inmensa á hora de cometer negligencias e tirar lixo na beira do río. Pero este ano o desconcerto foi maiúsculo cando os membros da entidade atoparon un porco morto no lugar de Vimianzo, no límite dos concellos de Melide e Santiso.

O animal podería ter un peso próximo aos douscentos quilos. Levaba varios días tirado no lugar e xa presentaba un avanzado estado de descomposición. Foi atopado nun cruce de camiños e imposibilitaba incluso o paso de



O porco xa levaba varios días tirado cando foi atopado

vehículos.

O achádego produciuse pouco despois de que os troiteiros atopasen no mesmo lugar de Vimianzo, e uns 50 metros máis abaixo, un vertedoiro improvisado con cascallos da reforma dunha casa. Na morea de lixo había

dende ladrillos e anacos de cemento ata taboeiros de madeira, bloques e columnas. Xunto con este material tamén foron depositados restos vexetais de todo tipo.

A Asociación de Troiteiros Río Furelos puxo ámbolos dous descubrimentos en co-



Xunto cos cascallos de obra foron vertidos restos vexetais

ñecemento da Garda Civil e do Concello de Santiso para que axilizase a recollida tanto do animal como dos cascallos. Solicitaron ademais que localice e sancione aos responsables do verquidos para que non se volvan repetir este tipo de actos.

Saúde pública

Á marxe do impacto ambiental, os animais en estado de putrefacción poden causar problemas de saúde pública. Son un foco de atracción de moscas, ratas e insectos e poden contaminar os cauces de auga próximos.

Toques acomete melloras en varias estradas do municipio

Boa parte da rede viaria do concello de Toques está sendo acondicionada no marco do Plan de Obras e Servizos da Deputación da Coruña para o ano 2011.

Un dos traballos realizados, e xa rematado, é o acondicionamento e pintado da estrada DP-4604, que pasa polo núcleo urbano. En fase de execución atópanse outras dúas obras; as de ampliación e asfaltado de estradas nas parroquias de Villamor e San Martiño de Oleiros. Os proxectos para estas dúas parroquias inclúen a construción de muros de contención nalgúns tramos das estradas.

Por outra banda o concello de Toques realizou algunhas melloras no parque infantil. A novidade máis destacable é o seu cambio de ubicación. Segue estando no Souto pero foi trasladado varios metros ata outra marxe do polideportivo municipal. O mobiliario foi acondicionado e instaláronse novos aparellos biosaudables.



Estrada DP-4604 ao seu paso por O Souto



As obras están case rematadas na parroquia de San Martiño



Construción do muro de contención na parroquia de Villamor



Parque infantil

Sobrado oferta 8 actividades deportivas para 2011/2012

A programación deportiva do concello de Sobrado para o presente curso incorpora 8 disciplinas diferentes nas que poderán participar os cidadáns en función da súa idade. Para os menores de 6 anos incorporouse o multi-deporte. No tramo de idade comprendida entre os 6 e os 12 anos a oferta inclúe atletismo, baloncesto, natación e bádminton. Os maiores de 16

poderán practicar aeróbic e ximnasia de mantemento. Para a terceira idade continuarase coa visita mensual ao Balneario de Guitiriz e os obradoiros de memoria.

Visita á Meseta

37 veciños participaron na primeira semana de outubro nunha excursión organizada polo concello ao centro da península.



Os veciños de Sobrado visitaron Madrid, Avila, Segovia e Toledo

Primeiros contactos para a creación dun parque empresarial no concello de Toques

En pleno contexto de crise económica seguen afluando algunhas iniciativas empresariais. Unha delas está no concello de Toques, que aspira a crear un polígono industrial. O primeiro paso deuse o pasado 21 de outubro no marco dunha reunión celebrada no concello á que asitiu o alcalde, o secretario, técnicos do Instituto Galego da Vivenda e do Solo (IGVS) e os propietarios das fincas onde se ten pensado instalar o parque empresarial. Foi un encontro informativo que tivo como fin dar a coñecer a posibilidade de crear un polígono no lugar de Bragaña, na parroquia de Ordes.

Os técnicos do IGVS explicaron que hai tres posibilidades para desenvolver o proxecto. A primeira delas pasaría pola iniciativa dos donos das fincas, que se farían cargo da instalación do polígono e da venda das par-



Os técnicos explicaron sobre o papel a posible ubicación do parque

celas, asumindo os custos e os beneficios de todo o proceso. Na segunda opción o concello actuaría como intermediario encargándose da organización e da tramitación de permisos. A terceira vía consistiría en que se fíxese cargo unha empresa xestora. Neste caso os terreos serían expropiados.

O alcalde de Toques, Jorge Calvo, reconece que "neste contexto de crise non é o mellor momento para crear un polígono" pero acto seguido engade que "os trámites son lentos e ata que finaliza o proxecto pasan varios anos. Por iso é necesario empezar a xestionar todas as posibilidades".



CARTOGRAFÍA E MEDICIÓN S S.L.

Avenida de Lugo nº 60, entreplanta B

C.P. 27200 Palas de Rei-Lugo

Teléfono 982 380 411

CARTOGRAFÍA E MEDICIÓN S

oficina técnica

EDIFICACIÓN S SEN LICENZA

Con motivo da publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG 31 de marzo de 2010 e no DOG de 11 de maio de 2011) de modificación da Lei 9/2001 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, sobre edificación s sen licenza, infórmase:

Está aberto o prazo para solicitar do seu Concello o certificado de declaración municipal de incursión na situación legal de fóra de ordenación total.

Póden acollerse a dita Lei, todas as edificación s (vivendas, industrias, edificación s agrarias) que carecen de licenza municipal e foran rematadas antes do 1 de xaneiro de 2003, presentando no Concello a documentación esixida pola Lei.

Coa obtención do devandito certificado, poderanse iniciar os trámites para inscribir a edificación no Rexistro da Propiedade e así incorporala definitivamente ao patrimonio do seu titular.

CARTOGRAFÍA E MEDICIÓN S, empresa especializada na redacción de todo tipo de proxectos **técnicos**, realiza os trámites precisos para que os propietarios poidan solicitar e tramitar ante os concellos respectivos a declaración de incursión na situación legal de fóra de ordenación total.

Con esta circular infórmase a todos os propietarios de edificación s que de estar interesado poden poñerse en contacto con nos, nas oficinas de **CARTOGRAFÍA E MEDICIÓN S** en:



OFICINAS EN PALAS DE REI

Avda. de Lugo nº 60, entrechán B

Teléfonos 982-380411 e 982-380149

e-mail: cem@cartografia.e.telefonica.net

OFICINAS EN MELIDE

Rúa Irmáns Garceiras nº 3, baixo

Teléfono 981-505781

e-mail: cem@cartografia.e.telefonica.net

Os Melidaos triunfan no Teatro Rosalía da Coruña

Celebraron o décimo aniversario compartindo cartel cos coros máis prestixiosos de Galicia

O grupo de música tradicional galega Os Melidaos vén de colleitar un éxito rotundo nun dos teatros máis emblemáticos de Galicia; o Rosalía de Castro da Coruña. A agrupación participou como conxunto invitado no VII Ciclo de Coros Históricos que se celebrou o pasado 9 de outubro na cidade herculina.

Os Melidaos compartiron escenario co histórico Coro Cántigas da Terra de A Coruña, organizador do evento, ca Coral de Ruada de Ourense, con Cantigas e Agarimos de Santiago e co Real Coro Toxos e Froles de Ferrol, o decano de todos os coros de Galicia.

Para a agrupación de Melide foi, en palabras do seu presidente e membro Pepiño Blanco, “un privilexio” formar parte dun programa de tanta calidade. A actua-

ción coincidiu co décimo aniversario de Os Melidaos, quen declaran que “non puido haber mellor agasallo que ter a posibilidade de tocar no fermoso Teatro Rosalía de Castro a carón dos catro coros históricos que temos neste país”. No escenario estiveron acompañados polas parellas de baile melidenses formadas por Miki e Noelia Varela máis Eva Balboa e Suso Sánchez.

O Ciclo de Coros Históricos comezou oficialmente cun pasarrúas conxunto da Coral de Ruada, Cántigas da Terra e Os Melidaos. As tres formacións desfilaron dende o Obelisco ata o Teatro Rosalía pasando pola Rúa Real.

Agasallo orixinal

A gala tivo un final emotivo coa entrega ao presidente



A actuación de Os Melidaos foi ovacionada polo público

de Cántigas da Terra dun debuxo do cruceiro de Melide, o máis antigo de toda Galicia. O cadro era unha reprodución do orixinal debuxado por Castelao, incluído no seu traballo *As cruces de pedra na Galiza*.

Preparan novo disco para finais de ano

Unha vez sobre o escenario, Marcelino Vázquez (gaita), Pepe Taboada (clarinete e gaita), Pepiño Blanco (bombo), Luís Casal (tamboril), Xele Barrio (acordeón) e Antonio Raposo (gaita) aproveitaron para dar a coñecer algunhas das pezas que se incluírán no seu novo disco, que agar-

dan rematar a finais deste ano. A música seguirá sendo a base e alicerce fundamental da maioría de temas pero cederá protagonismo nesta ocasión á voz do grupo.

O disco levará por título *Axudádeme a cantar* e será o seu segundo traballo discográfico logo de sacar ao

mercado en 2009 *Que ben baila, que ben baila*, unha produción coa que, segundo indican, “quixeron render homenaxe a todos os músicos populares, anónimos e recoñecidos, que contribuíron a que a música e os instrumentos tradicionais formasen parte do noso ser como pobo”.

Un San Caralampio de multitudes puxo punto e final á tempada de festas



A mocidade ateigou durante todo o día as rúas da zona vella

Xa pasaron 65 anos dende que se celebrou por primeira vez o San Caralampio pero, lonxe de decaer, a festa por excelencia da troula suma máis adeptos cada ano.

O 2011 non foi unha excepción e a zona dos viños ateigouse de xente no segundo domingo de setembro para render culto ao patrón dos bebedores e dos festeiros; o San Caralampio, un mártir grego que escolleu morrer afogado nunha cuba de viño.

Novos e non tan novos gozaron dende primeira

hora da mañá dunha festa na que non faltaron as tradicionais camisetas de cores das peñas e a boa comida: racións de pementos, cachelos, pan e mexilóns. E por suposto, houbo moito viño; para beber, para mollar ao do lado e para convidar a quen pasase. Tamén a moitos peregrinos que se viron sorprendidos pola festa pero que non dubidaron en sumarse a ela. Os gaiteiros, as bandas e os grupos de percusión animaron durante todo o ambiente do casco vello.



Dúas parellas de baile de Melide acompañaron a Os Melidaos sobre o escenario

Un ano enmeigados co encanto dos muíños

O complexo hostaleiro de Ponte Arcediago celebra aniversario

Á beira do río Ulla, na Ponte Arcediago (Santiso), existe un recuncho máxico cheo de bruxas, demos, sapos, mouchos, trasnos e diaños. Trátase dos Muíños Enmeigados, un conxunto arquitectónico recuperado e convertido en restaurante que un ano despois de abrir as súas portas xa é todo un referente para os amantes da cociña e das lendas. O 4 de novembro celebra o seu primeiro aniversario.

Haberá castañas e non faltarán os pinchos tradicionais para que deguste quen se achegue. Os regueifeiros, coas súas loitas dialécticas en forma de coplas cargadas de retranca, amenizarán a velada. O máis importante, que non pode faltar en lugar tan máxico,

chegará á medianoite co conxuro da queimada, todo un clásico que se repite cada fin de semana.

Para quen xestiona Os Muíños Encantados, Bea Sarandeses, o éxito do restaurante non é cousa de meigas. Parte do atractivo reside na beleza natural da contorna e no ambiente acolledor. A isto hai que sumar a variedade da cociña, especializada na preparación de pezas de caza e pesca. O local ten capacidade para medio cento de persoas e acolle celebracións de todo tipo; dende bautizos ata despedidas de solteiro ou ceas de empresa.

Aloxamento

Conta a lenda que un desexo será concedido a quen logre ver a meiga que habitou os muíños. Quen queira pasar a noite no lugar para tratar de atopala poderá facelo a partir do próximo verán. “Alugaremos dúas habitacións que estaban

sen preparar. A xente ten moito interese por durmir aquí”, comenta Bea. Non é o único proxecto a curto prazo. En chegando á primavera colocarán no exterior unha carpa para que a combinación de cociña e lendas en plena natureza sexa perfecta.

A lenda da meiga

Unha meiga namorou dos muíños de Ponte Arcediago e quedou a vivir neles. Non deixou utilízalos a ninguén e os veciños, en vinganza, prendéronlle lume a todo. A meiga salvouse gracias aos seus poderes e acabou con todos os habitantes do lugar menos un, un home humilde do que tivo compaixón e ao que lle concedeu o desexo de morrer sen dor. Así se cumpriu. Tras morrer a meiga, segundo di a lenda, atopouse un escrito que dicía: “morrer morrei, pero deste muíño nunca marcharei e a quen me vexa un desexo concederei”.



MEÑÚ 1 (15 euros)	MEÑÚ 2 (17 euros)	MEÑÚ 3 (19 euros)
Pementos de Padrón Empanada da casa Raxo	Croquetas da casa Calamares Richada	Tortilla Táboa de embutidos Croca
Os menús inclúen postre, viño da casa, café e chupito		

OS MUÍÑOS ENMEIGADOS

1^{er} Aniversario

Mouchos, curuxas, sapos e bruxas.
Demos, trasnos e diaños
espíritos das nebradas beigas.
Corbos, pintigas e meigas ...



MAGOSTO

Venres 4 novembro

a partires das 10 da noite.

¿es de aquí ou ves a festa...?

... e esa que máis dá, eu beño comer os pinchos que poñen gratis, e a cabalo regalado non lle mires o dente...

... Pois eu bou contigo que traen uns regueifeiros dala de Redondela.

Às 12 da noite convidarásenos a queimada tras o CONXURO tradicional.



981 19 11 71
699 17 12 95

Arte e tradición no II Encontro de Bolillos

Das mans sae todo o traballo e se esas mans teñen bo xeito, o traballo pode ser unha auténtica obra de arte. Diso saben, e moito, as mulleres palilleiras que participaron no II Encontro de Bolillos e Labores Artesanais organizado pola Asociación de Mulleres Catasol de Melide o pasado 8 de outubro.

250 palilleiras, 500 mans, 2.500 dedos movendo os bolillos sen parar. Son algunhas das cifras dun evento que foi un auténtico éxito de participación e ao que acudiron profesionais do encaixe dende puntos de Galicia tan variados como Cariño, Miño, Monterroso ou Antas de Ulla. Só houbo unha pega, segundo comentan Mari Carmen Castro e Mariví Rodríguez, da organización: “o sábado non foi bo día para celebralo. O domingo habería máis xente



As palilleiras amosaron a técnica do encaixe

porque veñen ao mercado e aproveitan para visitarnos”. Domingo será, polo tanto, a data para a celebración da próxima edición, que xa está

asegurada: “este tipo de eventos fomentan as actividades artesanais e benefician a Melide”. Así xustifican a continuidade do Encontro de



Mari Carmen Castro e Mariví Rodríguez

Bolillos ao tempo que fan fincapé na necesaria implicación das palilleiras de Melide en certames similares celebrados noutros lugares.

Quen se achegou ao Palacio de Congresos e Exposicións puido contemplar os traballos feitos, admirar in situ as diferentes técnicas de elaboración e adquirir algunhas pezas nos numerosos postos de venda instalados no lugar. Foron de especial atractivo as novidades desta edición: os obradoiros de manualidades e a instalación dun tear antigo.

As organizadoras do segundo encontro de palilleiras saben que o éxito non é cousa dunha soa persoa. Por iso amosan, como se fose unha xoia de encaixe, o seu agradecemento aos colaboradores no evento: Asetem, o Concello, a Asociación Catasol e todos os comercios de Melide que fixeron a súa aportación para o sorteo de regalos.

Tamén coas mans, ademais de facer arte, se expresa o agradecemento.

Recaudan fondos para axudar a cabalos abandonados e malferidos

A Asociación CYD Santa María, dedicada á recuperación de cabalos malferidos, organizou unha exposición en Melide para darse a coñecer na comarca e recolectar cartos cos que financiar a súa actividade. O acto celebrouse o 7 de outubro no Hotel Carlos 96.

CYD Santa María é unha asociación sen ánimo de lucro e con sede en Coín (Málaga), que leva dez anos recollendo por toda a xeografía andaluza cabalos malferidos ou abando-

nados en condicións extremas. A fundadora da entidade, Concordia Márquez, unha amazona profesional, quere agora ampliar o seu ámbito de actividade ao resto de España.

A Melide chegou da man de Rebeca Ponte, a representante de CYD Santa María na comarca. A asociación non recibe ningún tipo de subvención pública e mantense co recaudado a través de donacións particulares, exposicións e venda de diferentes

artigos e rifas. É por iso que aportacións como as feitas por particulares e por casas comerciais de Melide resultan fundamentais para continuar co seu traballo.

CYD Santa María ten un albergue onde os cabalos son atendidos 24 horas por persoal do centro. A entidade tramita denuncias de maltrato, xestiona a adopción dos animais e permite apadriñar. A súa páxina web é www.asociacioncydsantamaria.es



Na exposición vendéronse obxectos de todo tipo



Alexandre Bóveda Nº 5
15800 Melide
Tlf. 900 866 972 / 902 908 737
info@redintermax.com



medicampo@terra.es
C/. Martín Freire, 5 • Tfno.: 981 505 884 • MELIDE (A Coruña)
Avda. de Lugo, 61 • Tfno.: 981 500 775 • ARZÚA (A Coruña)
Avda. Coruña, 30 • Tfno.: 982 375 111 • FRIOL (Lugo)
C/. Alcalde Espiñeira, 32 • Tfno.: 981 786 426 • CURTIS (A Coruña)

Éxito da ampla canteira de voces de Melide

Cerne entrevista a tres integrantes da nova xeración de mozos cantantes da localidade

“A experiencia máis bonita que tiven foi cantar en Luar”



Patricia Méndez Asorey

-Como te iniciaches no mundo da canción?

-Dende moi pequena gustoume cantar, pero foi a partir de que ingresar no Conservatorio de Melide e de entrar no mundinho da música cando foi medrando a miña afición. Pasado un tempo decidín participar en concursos, como o Festival de Ordes ou os Premios Teresa Rabal, cando tiña 9 ou 10 anos. Gustoume a experiencia e repetín nas edicións seguintes.

-A formación musical é moi importante para ini-

ciarse no canto

-Dache moitas facilidades á horar de prepararte e ensaiar. Eu comecei aos cinco anos no conservatorio estudando solfeo e violín e, anos despois, piano.

-Que tipo de música che gusta interpretar?

-Un pouco de todo. Gústanme as cancións pop, as baladas románticas de amor e desamor e tamén moito o lírico, que require moita máis técnica, moito estudo e moitas horas de dedicación, pero é moi bonito á hora de cantalo, incluso

sinto máis seguridade.

-Participar nun concurso en Luar potenciou a túa carreira artística

-Cantar en Luar foi a experiencia máis bonita que tiven. Cantar nun plató de televisión é moi distinto a cantar en calquera outro lugar. Imaxínaste que te está vendo moitísima xente, pásanche un millón de cousas pola cabeza, pero ó mesmo tempo tes unha emoción e uns nervios que son distintos, son nervios de alegría, de ganas. Aprendín moito, foi unha experiencia in-

olvidable. Iría outra vez encantada.

-Como tes plantexado o teu futuro musical?

-O primeiro son os meus estudos. Estudo primeiro de Veterinaria. O pouco tempo que levo encántame, teño moitas ganas de seguir e aprender moito. Respecto á música, nunca o vou deixar, para min forma parte da miña vida, non podo vivir sen iso. Por agora non teño proxectos concretos. Quero rematar os estudos no conservatorio, paso agora para cuarto de canto.

“Melide sempre foi un referente de moi boas voces”



Xoán Curros Vázquez

-Comezaches a cantar dende moi novo

-Si, aos once anos presenteime ao concurso Lluvia de Estrellas, un dos máis coñecidos por aquela época a nivel nacional. Imitei a Raúl. Antes xa cantara nalgúns actuacións do instituto e algunha obra de teatro que se puxera en escea en Melide. Tamén fun compoñente da Coral Polifónica e da Banda Musical de Melide.

-Cales son as túas preferencias á hora de interpretar?

-Gústanme fundamental-

mente as baladas. Tamén a música comercial e os merengues. Como artistas, gústanme especialmente Luis Miguel e Cristian Castro.

-Como te sentes ó formar parte desta nova canteira de voces melidenses?

-Estou moi ilusionado de poder formar parte desta nova xeración de persoas que nos adicamos ó mundo da canción en Melide. A pesar de ser nunha vila tan pequena, Melide sempre foi un referente de moi boas voces. Para min é moi importante compartir ac-

tuacións e proxectos cos meus compañeiros. De feito, Patri Asorey influíu moito na miña traxectoria, xa que me animou a seguir cantando.

-É frecuente vervos cantando a dúo

-Si, participamos nalgúns certames, coma o Festival do Xallas en Santa Comba, no que quedamos de finalistas. Tamén temos cantado xuntos coa formación Melide Vida Musical ou no Día das Letras Galegas deste ano, na inauguración do auditorio da Casa da Cultura.

-Continuarás nun futuro coa túa carreira como cantante?

-Quero seguir cantando como ata agora, sempre direi que si a calquera actuación que me chamen. Apetéceme colaborar en tódalas actuacións que poidamos facer o grupo de mozos que temos esta afición en Melide. Tamén seguirei cos meus estudos de canto no conservatorio de Melide.

-Que é o que máis valoras nun cantante?

-Que sexa fiel ao seu estilo e que goce da música, que non a vexa como un traballo.

“En las baladas puedo expresar mejor mis sentimientos”



Irene Ruíz Carmuega

-Os teus inicios foron no Coro Parroquial, pero pronto xurdiron novas oportunidades

-Me animaron a participar y entré en el Coro Parroquial. Me gustó mucho la experiencia y luego me animaron a entrar en la Coral Polifónica. También colaboré con la asociación Melide Vida Musical y con la Orquesta Sinfónica de Melide.

-Con esta última protagonizaches a actuación inicial das festas do San Roque deste verán

-Colaboré con mi voz en el espectáculo Gala Americana. Me sentí muy satisfecha por la acogida del público que abarrotaba la Praza do Convento.

-Tamén participaches recentemente no Festival do Landro de Viveiro

-Si, quedé de semifinalista. Fue una experiencia muy positiva porque conocí a mucha gente, muy interesante. Fue una pasada actuar con una orquesta. No estaba nerviosa, sabía que había un jurado, pero lo hice lo mejor que pude. Pienso volver a ir, por lo

menos intentarlo.

-A promoción é importante na carreira dun artista

-Yo intento participar en festivales, como en el Festival de Xallas de Santa Comba. También actué en el programa A Solaina de la TVG. Son experiencias importantes para darse a conocer y que también te ayudan a mejorar.

-Que tipo de música é a que máis che gusta?

-Me gusta el pop comercial, aunque para cantar yo creo

que siempre lucen más las baladas, porque creo que expreso mejor mis sentimientos. Se adaptan más a mi voz, todos me dicen que tengo una voz muy dulce.

-O apoio da túa familia é imprescindible nesta faceta da túa vida

-Tengo el apoyo total de mi familia. Mi tío Toño toca la guitarra y actuó conmigo en la Semana de la Música. Pero la persona que más me ayuda es mi padre. No tiene estudios de música pero tiene muy buen oído, y me ayuda a mejorar.

Discoteca Kull celebrará o seu aniversario coa actuación da Orquestra Panorama

A discoteca Kull está de aniversario e celebrará o luns 31 de outubro, véspera de festivo, coa actuación da Orquestra Panorama a partir das 12 da noite. O local da Pontecarreira continuará apostando polas actuacións en directo nesta nova etapa.

O local organizou a primeiros de mes unha gran festa de inicio de tempada que estivo amenizada polo Grupo Canarias e contou coa presenza de Óliver, ex concursante do programa de televisión "Mujeres, hombres y viceversa".



A festa de inicio de tempada acadou un cheo absoluto

A boa Viña trae a Melide as acrobacias do actual campión galego de cócteles

Os sibaritas estiveron de noraboa este mes de outubro: o campión galego de cócteles deixouse pasar polo local de A Boa Viña, invitado polo seu propietario, Alberto Buján, para facer as delicias dos paladares máis exquisitos e asombrar coas súas acrobacias detrás da barra. Buján aposta pola orixinalidade e a innovación e por iso outro dos seus locais, o pub Q'máis, forma parte xa do proxecto Movida 2.0. Esta iniciativa permite que a música que se pincha no pub cada fin de semana se poida escoitar en directo dende calquera parte do mundo a través de internet.



Alberto Buján, no seu bar, en compañía dunha moza

Movida 2.0, dende Melide para o mundo a través da internet



Os promotores de Movida 2.0 na presentación do proxecto

DMovida 2.0. Así se chama o proxecto promovido pola empresa melidense de telecomunicacións Intermax e o concello para facer posible que a música que se escoita cada fin de semana nos pubs e discotecas de Melide se emita en tempo real a través da internet

para todo o mundo. As sesións musicais tamén se poderán escoitar nas ondas de Radio Melide. O sistema, que está en proba dende hai varias semanas, xa transmitiu con éxito a través da rede a música que pode escoitarse no pub Q'mais e na Discoteca Palladium.

Pub Nexus da Pontecarreira, un referente na movida dos venres

Gogós, drags queen, sorpresas cada fin de semana e actuacións en directo. Son as apostas do Pub Nexus da Pontecarreira para consolidarse como o local de referencia nas noites de diversión. Logo dunha grande aceptación na tempada anterior, o propietario do Pub Nexus, Xoán, quere contribuir a que a Pontecarreira siga sendo o epicentro da movida dos venres.



Xoán e Vanessa



Emilia Pardo Bazán, 10
15800 MELIDE (A Coruña)

**OS PUB DE MODA
NA MOVIDA
DE MELIDE**

VINOTECA



ZONA DOS VIÑOS
Praza da Herba, 10 - MELIDE

AXENDA

SALA 600

- 28 de outubro: Sergio Pazos. Hora: 00:00
- 31 de outubro: ITH, banda de rock. Hora: 00:00
- 5 de novembro: La Kinky Baat. Hora: 00:00
- 19 de novembro: Bonbo Botrako + DZ Selector (DJ) Hora: 00:00

A FUNDACIÓN

- 11 de novembro: Dixie Tow. Hora: 23:30
- 18 de novembro: Josi Porto. Hora: 23:30
- 25 de novembro: Strabismo. Hora: 23:30

CORAL POLIFÓNICA DE MELIDE

- 11, 12, 13, e 18, 19 de novembro: actuacións da XXII Semana da Música Terra de Melide

DISCOTECA
Kull PONTE GARREIRA

28 viernes
octubre

sensation white
gogo's • show laser • drags • performance

REGALO EXCLUSIVO
PARA TODOS LOS QUE TRAIGAN UNA CAMISETA BLANCA

43

MACROFIESTA

3 DJ RESIDENTES: DJ FRAN - DJ RODER - DJ ZALO

DISCOTECA
Kull PONTE GARREIRA

1º ANIVERSARIO

lunes macrofiesta

31 gogo's **100 PIPERS**
octubre orquesta

PANDORA
PLANET TOUR 2011

PANDORA

3 DJ RESIDENTES: DJ FRAN - DJ RODER - DJ ZALO

DISCOTECA
Kull

DISCOTECA
NICOL'S

Grupo kull

ALOHA
DISCO

Pub **LUX**

Jesús Ferreiro busca en Barcelona un novo campionato de España

Recupera o Porsche 911 RS para a carreira decisiva

O Campionato de España de Rali para Vehículos Históricos está máis emocionante ca nunca. Catro pilotos teñen opcións de facerse co título e o ganador decidírase na última das probas puntuables do calendario; o Rali da Costa Brava, que se celebrará a primeira fin de semana de novembro.

Entre os aspirantes a erguer a Copa de Históricos está o melidense Jesús Ferreiro, con Javier Anido de copiloto. Ganou catro das seis probas disputadas e puido sentenciar o campionato no último dos ralis celebrados, o de Asturias, se non fose porque lle rompeu o motor do Ford Scort RS MKI que pilotaba. “Estabamos facendo o noso rali, controlando aos rivais, pero no antepenúltimo tramo o motor dixo que non quería seguir. Houbo que parar e vir para a casa”, comenta.

A proba definitiva para conquistar o título nacional será a da Costa Brava, a onde acudirá co seu coche habitual, o Porsche 911 RS. “A Asturias fomos co Ford Scort. Fixémolo pensando en revisar ben o Porsche de cara á Costa Brava. É unha proba puntuable para o europeo e queremos estar á altura das circunstancias”.



Ferreiro (dereita) e Anido no podio do Rali de Cantabria

III Rali de Galicia Históricos

Non houbo sorpresas en canto ao podio na terceira edición do Rali Galicia Histórico – Terra de Melide – Camiño de Santiago, tamén puntuable para o campionato de España e que ganou Ferreiro por terceiro ano consecutivo. O prestixio do rali melidense vai en aumento; a edición 2011 batiu

record de participantes na categoría de velocidade, coa asistencia de pilotos procedentes de Andalucía, Madrid, Valencia, Barcelona, Portugal e Bélxica. Entre os participantes houbo algunha cara coñecida, como a do ex porteiro de fútbol Santiago Cañizares, que abandonou por avaría.



Centos de aficionados contemplan o paso dun vehículo participante

Escuela Ayude comeza a tempada logrando 8 metais no Trofeo Internacional de Vigo

A tempada non puido arrincar mellor para os alumnos da Escuela Ayude, que retomaron a competición o pasado 15 de outubro no Trofeo Internacional de Vigo. Acudiron cun equipo integrado por oito loitadores e volveron para a casa con oito medallas colgadas do pescozo: cinco de ouro, dúas de prata e unha de bronce.

Conseguiron o ouro Lucas López, Nahum Ayude, Patricia López, Aron Ayude e Cora Ayude. As dúas pratas foron para Guillermo López e Sabela Cabado. Miguel Villamor logrou o bronce. Ademais, Patricia López foi recoñecida co trofeo á mellor deportista fe-



Alexandre Freire

Barcelona coa selección española de loita olímpica e tras o Co ánimo de seguir fomen-

o bo traballo realizado, o tando o deporte entre os máis alumnos da Escuela Ayude Ale-novos a Escuela Ayude impar-xandre Freire recibiu unha tirá unha nova disciplina de-bolsa da Xunta de Galicia para portiva para este curso; arealizar os seus estudos no esgrima

Centro de Tecnificación de Pontevedra. É o segundo loitador da Escuela Ayude de Me-Despois da concentración enlida que recibe unha bolsa polo mérito deportivo.



Imaxe de arquivo dun grupo de alumnos da Escuela Ayude

Cea homenaxe aos colaboradores



Ducias de persoas asistiron á cea de confraternización

A escudería Melide Motor sport organizou unha cea de homenaxe para os colaboradores do III Rali de Galicia Histórico. Acudiron as escuderías

da Coruña, Vila de Cruces, Antas de Ulla e Talleres Galicia. Tamén os membros da Policía Local de Melide e os Bombeiros de Arzúa.

O Atlético feminino encamiña a recuperación de categoría

O Atlético Melide feminino está a realizar unha tempada prometedora no seu camiño para lograr de novo o ascenso á preferente autonómica, categoría da que tiveron que despedirse o ano pasado. Disputadas as nove primeiras xornadas de liga, as melidenses ocupan o terceiro posto na táboa de clasificación con 17 puntos, empatadas co segundo clasificado e a catro do líder, o Dubra SD.

As estadísticas son favorables para o Atlético feminino, que ganou cinco partidos, empatou dous e perdeu outros dous. Figura ademais entre os equipos menos goleados da



Equipo ao completo do Atlético de Melide Feminino

competición, cun promedio inferior aos dous goles recibidos por partido. Pola contra, as de Melide xa levan marca-

dos 27. Especialmente dorosa foi a derrota ante o SD Tordoia por 5-0 na última xornada, o pasado 23 de outubro.


As persoas non son as “culpables”

Santiago Prado Conde (Chago),
antropólogo

Volvemos a escoitar nos últimos días que unha das causas da situación actual é que viviamos por riba das nosas posibilidades, que pensabamos ser ricos e que derrochabamos de tal xeito que era impensable que isto puidese continuar durante moito tempo. Novamente se culpabiliza aos máis desprotexidos, a aqueles que carecen de hexemonía ou que non son quen de escribir a historia porque o poder que poden exercer sobre as estruturas políticas, económicas e sociais é insignificante.

Fai algo máis dun ano expoñía neste mesmo medio que me parecía moi perverso culpar ás persoas porque tratan de conseguir aquilo que na Carta Magna se expón como un dereito, ademais de que estamos presos dunha mensaxe constante alentándonos a que consumamos como paradigma de felicidade; estes motivos, entre outros, parécenme máis que suficientes para expoñer que o debate sobre a crise está moi contaminado pola hipocrisía.

A procura de culpables tanxibles non nos permite mirar ao sistema capitalista como xerador de profundas desigualdades ás que se lle teñen chamado “víctimas do capitalismo” ou “males menores” co fin de pensar colectivamente que o mal duns poucos non invalida o gozar en plenitude duns moitos. O gran logro do sistema capitalista é facernos pensar que a culpa de todos os males que nos ocorren – por exemplo, quedar sen traballo – son debidos a alguén en concreto ou a algún tipo de man negra que nos persigue, e non ao propio sistema que única e exclusivamente pode xerar desigualdade para que outros crean ter igualdade, liberdade e fraternidade. As tres palabras “máxicas” expostas e elevadas a rango de universais hai xa máis de



dous séculos parecen esquecidas porque as dúas primeiras fannos crer que son dadas por vivir nun sistema que denominamos democrático e a terceira, fraternidade, é pouco importante nun mundo onde se prima o eu por riba do nós.

É curioso que o eu sexa máis importante que o nós porque cando chegamos a este mundo é imposible converternos en seres sociais e culturais se non temos ao nós que nos aprende como vivir, é dicir, como chegamos a falar, pensar, sentir, posuír unha moral, crer, valorar, incluso ser creativos e desenvolver a nosa vida adulta como cremos que é mellor.

Que ocorreu entón para que nos esqueamos do comunitario e nos centremos excesivamente no eu? Do mesmo xeito que pasamos por un proceso de aprendizaxe, tamén se nos aprende a ser seres institucionais no que unha das aprendizaxes que máis se interioriza é que todo se sitúa no campo do individual. Lonxe quedan xa os logros que realizaban as comunidades hoxe chamadas tradicionais ou incluso aquilo que se alcanzaba debido ao esforzo en equipo, onde o importante non era a suma das partes

senón a perfecta harmonía existente en todas elas; aínda eliminando unha das partes o proxecto era de tal envergadura, porque afectaba directamente á vida da comunidade, que continuaba a garantir desenvolvemento para as persoas porque se pensaban colectivamente.

Desculpen os lectores polo que pode semellar unha desconexión temática en tan poucas liñas, pero asisto atónito á culpabilización que se está a realizar dos máis débiles, e as causas da situación actual quizais sexa preciso situalas nun cambio moito máis importante do que cremos. A perda da fortaleza comunitaria tamén sitúa ás persoas no mundo de xeito máis vulnerable, e non sendo os culpables da crise acaban crendo que son os responsables.

Esquecemos excesivamente rápido que aqueles que si trataron de vivir por riba das súas posibilidades foron os que quixeron pasar de multimillonarios a algo que aínda non temos verba para definir; a avaricia duns poucos fixo que uns moitos sufran as consecuencias hoxe en día e, polo que semella, as solucións sitúanse alén dun sinxelo número de medidas.

A crise nos nosos ríos (II)

Xavier Pazo Blanco, presidente da
Asociación de Troiteiros ‘Río Furelos’



Ás devastadoras consecuencias que está a ter nos nosos ríos a construción fraudulenta de encoros, tema xa tratado no número anterior, hai que sumar as agresións provocadas por escandalosos vertidos que se producen cada pouco tempo. Pobos e empresas, granxas e particulares, nucleos de poboación dispersos e todo tipo de actividades humanas utilizan a auga como medio de transporte do lixo. As autoridades competentes toleran as negligencias dos contaminadores permitindo pagar en función do vertido e da súa carga contaminante. Remítome a informes de prensa recentes. Sobre normas deste tipo hai quen aplica a tolerancia cero, tal é o caso dos nosos veciños e curmáns asturianos.

Analizado este escabroso tema por certas asociacións e clubs de pesca de Galicia, chegamos á conclusión de que o reglamento imposto pola Administración aos pescadores ten sentido en época de escaseza pero, por que aos que durante todo o ano destrúen coas súas químicas, caudaiss ecolóxicos inexistentes e verteduras non se lles aplica a mesma lei? É absurda e discriminatoria esta forma de aplicar a

norma. Ao noso xuício, cencena os dereitos do colectivo de pescadores e favorece aos que contaminan.

Pola gravidade dos acontecementos aos que facemos referencia, pedimos aos xestores dos recursos hídricos que controlen os 17.000 vertidos incontrolados que segundo informes dos medios de difusión existen na nosa comunidade. Pedimos que sancionen por lei, instando ao mesmo tempo ás empresas de enerxía eléctrica, privadas e foráneas, a que acondicionen nas vellas represas as escalas de salmónidos que privaron a Galicia da riqueza piscícola, en connivencia cos gobernos da época e da nosa comunidade científica, que permaneceu sonámbula e calada ante o problema. O mesmo aconteceu con moitos clubs, federacións e asociacións de pesca. Os que defendemos a natureza, vémonos obrigados a recordarlle á sociedade e aos gobernantes destes recursos que os ríos son o referente de case todo. Proba diso é que da auga vivimos e bebemos. Non deixes que a impunidad se manifeste ensuciándoa. Deixa ao río limpo e solo, que faga o seu traballo: DAR VIDA.

Nova historia sobre o Pazo de Vilar de Ferreiros dende Guayaquil

Xosé Núñez López

Un descendente directo dos antigos señores feudais do Pazo de Vilar de Ferreiros, chamado Rodolfo Pérez Pimentel, que reside actualmente na cidade de Guayaquil (Ecuador), acaba de publicar un interesante libro de 478 páxinas, encadernado de luxo e tamaño folio, titulado Los Pimentel del Villar de Ferreyros, que é o froito de exhaustivas investigacións sobre os seus antepasados. Estas investigacións abranguen dende o propio Pazo de Vilar de Ferreiros ata a península Ibérica e os países de Latinoamérica nos que viviron os seus devanceiros, en especial os de apelido Pimentel.

O 17 de outubro de 2007, Rodolfo Pérez Pimentel e a súa dona chegaron a Vilar de Ferreiros para visitar o pazo dos seus antecesores. Manifestara o desexo de falar con alguén que coñecera a historia do edificio e dixerónlle que este servidor escribira algo sobre o tema e que incluso tratara cos derradeiros señores do pazo. Fun chamado por teléfono, atopeime alí co citado matrimonio e falamos distendidamente sobre a vida que levaran no pazo os dous últimos herdeiros: Dona Angustia e Don Aurelio Pardo



Pimentel.

O señor Pérez Pimentel amosou interese en seguir comunicándonos a través da internet ou por correo postal e así o fixemos. A primeiros de 2010 díxome que xa tiña moi adiantado un libro sobre a historia dos Pimentel Sotomayor e pedíume que lle mandara canto antes toda a documentación e fotografías que tivese sobre o pazo para seren inseridas en dita publicación.

O 23 de xuño do presente ano 2011 chegaron por correo dous exemplares dunha moi fonda historia sobre o pazo e os seus descendentes. Un deles ía destinado para os propietarios

actuais do pazo, os irmáns Villasenín do Ruta Jacobea, en Santiago de Compostela. O outro era para este servidor de vostedes, que figura como colaborador especial da obra. No capítulo 12 (consta en total de 29) reproducíase de forma íntegra a colaboración que escribín e lle mandei ao señor Pérez Pimentel.

O exemplar que posúo de tan interesante obra histórica atópase a disposición de toda persoa que desexe ollalo, tendo sempre en conta, iso sí, a advertencia que contén: "esta publicación está registrada legalmente y será penada toda invasión a los derechos de autor".

Cambios si, pero con garantías

David Barrio, representante de UGT

Estes días estase ampliando moito o debate, e algún partido político xa o está deixando ver as súas intencións, sobre a necesidade de facer máis competitiva a Administración.

Creo que toda persoa que teña un mínimo de sentido común non rexeitará ningunha medida que se aplique para xenerar máis eficacia, máis aforro e mellor atención ao cidadán. Pero nisto, como en todo, pode haber trampa. Se as medidas que se toman teñen que ser consensuadas cos representantes sindicais e teñen que garantir e respetar os dereitos establecidos na Ley de Función Pública e no Estatuto Básico do Empregado Público, non vaia ser que coa desculpa de mellorar se intente eliminar dereitos xa consolidados. Poño exemplos:

- Mobilidade funcional: podería ser que o político de turno cambie aos traballadores das funcións que teñen asignadas e ganadas nunha oposición en función de simpatías.

- Mobilidade xeográfica: podería acontecer que algún traballador fora desterrado do seu centro de traballo como castigo ou prebenda de achegamento a algún enchufado.

- Cambio de xornada polos motivos xa descritos.

Non quero nin pensar na posibilidade de facer Expedientes de Regulación de Empleo (ERE).

Polo tanto, hoxe mais ca nunca os sindicatos temos que estar vixiantes ante calquera movemento e preparados para calquera cambio legislativo. Iso vai conlevará tamén máis implicación no movemento sindical. Desgraciadamente moitos pensan de forma equivocada que pagar a cuota de afiliación ao remate do mes xa é suficiente. NON É ASÍ, se non hai implicación non faremos nada por moitos afiliados/as que teñamos.

Nos hai variñas máxicas nin bólas de cristal para predecir e solucionar os problemas; os sindicatos e quen os representamos só temos a forza que nos dades os traballadores no seu conxunto. Necesitamos a vosa unión. Veñen tempos difíciles e como ben sabedes os recortes sempre os pagamos os mesmos, dá igual que sexan gobernos de esquerdas ou de dereitas. Temos que empezar a tomar conciencia de que á fin o que está en xogo é o pan e as condicións de traballo nosas máis dos nosos fillos.

A calidade no software

Rafael Rodríguez Gaioso, enxeñeiro informático e Presidente de Melisa

Nesta segunda entrega imos tratar un tema crucial para os programas que usamos nas empresas:

2. A Calidade

"Dado un número suficientemente elevado de ollos, tódolos erros se converten en obvios", Lei Linus.

Cando un programador informático traballa para

desenvolver un programa informático, e conta coa axuda de miles de compañeiros, o resultado vai ter moita máis calidade que se ese mesmo proxecto o levan a cabo unha ducia de programadores.

Cando o traballo se fai de forma colaborativa, e todos os participantes aportan o seu coñecemento nas distintas áreas afectadas nun

proxecto, a calidade do produto final será moito máis alta.

O simple feito de que o teu traballo sexa visible por calquera compañeiro, fai que te preocupes máis pola calidade do teu traballo, que se o ocultas baixo unha licenza privativa, que impide o acceso ao teu código fonte. A moitos programadores gustaríanos ver parte do código fonte dalgunha das aplicacións máis coñecidas no mundo privativo, para comprobar que a importancia de escribir un bo código non está dentro das prioridades do

seu traballo.

Levado a outros sectores, seguro que moitos profesionais non se preocuparían tanto pola calidade se puidesen agochar parte do seu traballo para que os seus clientes non o puidieran ver ou tocar.

Polo tanto, se queremos traballar con programas máis estables, evitando, por exemplo, que consuman demasiados recursos para levar a cabo as súas tarefas, debemos usar aplicativos que se distribúan baixo unha licenza libre, evitando deste modo a perda de tempo debido a

paradas ou fallos nos sistemas.

Por exemplo, se nos centramos nun traballador autónomo, existen diferentes sistemas operativos libres que son unha solución completa, pois na súa instalación están incluídos programas de ofimática, multimedia, internet, ... e todo no mesmo paquete, sen necesidade de realizar descargas adicionais desde internet.

Podedes enviar as vosas consultas ao seguinte enderezo electrónico:

info@webmelisa.es

CRISTINA MOSQUERA NIETO, PULPERÍA MOSQUERA

“Os peregrinos saben ben que o pulpo hai que comelo en Melide”

Un ano leva Cristina Mosquera á fronte da pulpería rotulada co seu apelido, man a man co seu marido, Rubén Rodríguez. Novos os dous, traballan co pulpo desde que botou a andar o restaurante, hai seis anos, pero non é ata hai pouco que decidiron aliviar de traballo á nai de Cristina e

embarcarse en facerse cargo eles sós do negocio. Un negocio polo que pasan todos os días moitos traballadores a comer o seu menú -que vai moito máis alá do pulpo- e que reserva un espazo importante para as máis divertidas celebracións, sempre a disposición das peticións do cliente.

-Canto influíu a tradición pulpeira familiar en que escolleste esta dedicación?

-Miña nai ten pulperías ambulantes; fai vodas e vai ás feiras xa desde fai uns corenta anos. Eu levo traballando nisto cinco anos, desde que empezamos con este pulpería. Estudei maxisterio, pero foi despois de xuntarme con Rubén que vimos que podíamos axudar á miña nai, que quedara viúva, e ao final acabamos seguindo nós sós coa pulpería.

-Cal é a clave para ofrecer aos clientes un bo pulpo?

-A boa mercancía, a materia prima. A carne, que debe ser dun macho de tamaño medio, ten que ser boa. O pulpo da ría, o galego, sabe ben, pero é moi delicado e é fácil cocelo de máis. Se isto pasa, pela e dá mala presenza, polo que deixa de ser axeitado para presentar. O marroquí ou canario é o pulpo que máis se traballa.

-Que ten o pulpo para que nos guste tanto aos galegos?

-Ademais da tradición, é un plato simple e está bo. Axuda o seu pemento e o seu aceite bo, no que a todos nos encanta mollar o pan.

-Cales son os momentos do ano que teñen máis tirón pulpeiro en Melide?

-Á xente desta zona gústalle moito o pulpo todo o ano; pero en agosto máis porque vén a xente de fóra, son as festas, e o que bota todo o ano fóra ao voltar quere comer o pulpo. Os venres da vixilia tamén se nota en que veñen moitos buscar o pulpo para levar para a casa. E por suposto os días de feira son tamén dos que máis se come.



Cristina Mosquera e Rubén Rodríguez, no seu negocio do 85 da Avenida de Lugo.

-Varía moito a clientela ou tende a ser fixa?

-Durante todo o ano temos unha clientela bastante fixa, como por exemplo os obreiros que veñen pola semana comer o menú. De todas formas, sempre hai peregrinos, xente de paso e de vacacións. Aos peregrinos gústalles moito o pulpo, e o sitio onde o comen é tipicamente Melide. Eles cómeno para almorzar practicamente, ás 10 ou 11 da mañá, tendo en conta que saen de Palas ás 7.

-Tedes outras especialidades ademais do pulpo?

-De luns a venres temos menú a 8 euros, que veñen comer moitos obreiros e camioneiros. A fin de semana temos tamén menú, a 12 euros. Tamén temos a carta, coas es-

pecialidades de bacallau á galega, que lle gusta moito á xente; parrillada de marisco, que a temos moi barata e rica; gambas ao *ajillo*; zamburiñas; churrascos... algo de todo. No inverno temos moito éxito os xoves, porque facemos o cocido.

-Pola tradición que hai en Melide, a vila conta con moitas pulperías, como credes que vos afecta esa competencia?

-Certo é que hai algúns locais que atraen por tradición a máis peregrinos, en todo caso todos recibimos. Ademais, que haxa máis pulperías reforza a vila como principal centro pulpeiro. Os peregrinos xa saben moi ben que o pulpo se come en Melide cando chegan á altura de Sarria e Portomarín.

-Ademais de estar no restaurante, asistides a moitas feiras?

-Si, imos a moitos sitios. Aquí mesmo en Melide o día de feira, onda o gando, poñémonos sempre desde hai corenta anos. Tamén poñemos en Pedrafita, en Parga, en Guitiriz, en Teixeira, en Santa Comba, en Sobrado...

-Nótase aquí a crise? En que?

-Si que se nota. De momento hai que recoñecer que estamos ben, pero estabamos moito mellor o ano pasado. Como todo o mundo... Ademais o ano pasado foi Xacobeo, e setembro e outubro foron moi bos.

-Tamén participades co pulpo nos concursos de

“No inverno temos moito éxito os xoves, porque facemos o cocido para o menú”

“Non estamos no centro, pero temos unha clientela fixa de obreiros e camioneiros”

tapas que se fan na vila no verán e no outono

-Si, no último concurso presentamos unha *delicia de cogomelo e polbo*. A verdade é que non gañamos pero foi moi votada e das que máis gustaron. De todas formas, a nosa situación apartada do centro non nos axuda a ter tantas pa- peletas coma outros, pero é boa polo espazo que temos para que aparquen camións.

-Que capacidade e atractivos ten o voso local?

-A capacidade é aproximadamente de 130 comensais. Temos ademais comedor privado e facemos banquetes, moitos aperitivos de vodas e despedidas de solteiro. Nós encargámonos de todo e adaptámonos perfectamente ao que nos pida o cliente.

ESPOMASA S.A.

DIVISIÓN DE TRANSFORMACIÓN



ESPOMASA

Especialistas en Poliuretano

Paradela nº15 - Toques - A Coruña (España)
Teléfono: 0034 981 505 871 - Fax: 0034 981 505 727
e-mail: administracion@espomasa.es
www.espomasa.es

**DISGA
MOBLE**

Distribuidora Galega de Móble

Paradela nº15 - Toques - A Coruña (España)
Teléfono: 0034 981 505 871 - Fax: 0034 981 505 727
e-mail: administracion@disgamoble.es

DIVISIÓN COLCHONERÍA



Oficina: C/ Nicomedes Pastor Díaz, nº5
Entrada Orcha, 27002 Lugo - ESPAÑA
Tel: 0034 982 24 25 51 - Fax: 0034 982 22 34 87
E-mail: ventas@ibersleep.com



Gareto da R. Moçambique, c/Av. 16 de Maio
Zona Industrial de Ovar - 3880-106 Ovar - PORTUGAL
Tel: 00351 256 781 089 - Fax: 00351 256 758 119
E-mail: ibersleep@mail.telepac.pt

DIVISIÓN HOSTELERÍA

PALLADIUM
HOSTELERÍA

